



**SANTIAGO
DE COMPOSTELA**

PÓRTICO DA GLORIA

CIUDAD INVITADA

FERIA INTERNACIONAL DEL LIBRO
BUENOS AIRES 2016

Voces Gallegas


Autores y/e autoras invitados

XUNTA DE GALICIA



Voces Gallegas

Autores y/e autoras invitados



The background of the page is white and features several thin, solid orange lines that intersect to form a series of geometric shapes, including triangles and quadrilaterals. These lines are positioned diagonally across the page.

Voces Gallegas

Autores y/e autoras invitados

Un nuevo puente sobre el Atlántico para las Letras

La Feria del Libro de Buenos Aires hace protagonista de su edición 2016 a la literatura gallega, con Santiago de Compostela como ciudad invitada. Galicia recibe con entusiasmo esta oportunidad para tender nuevos puentes con la cultura hermana argentina, cuna de nuestra construcción cultural reciente y tierra abierta para la integración de la semilla gallega en la rica literatura argentina del siglo XX. En Buenos Aires se editaron algunos de los títulos más importantes de la literatura gallega que no podían ver la luz en una España entonces oscura; y los proyectos culturales de la capital del Plata fueron a menudo labrados con las manos de los gallegos albergados en esta ciudad que los recibió con los brazos abiertos. Galicia es un país pequeño, pero un país de palabra. Los comienzos de la vertebración del continente europeo están asentados en las páginas medievales de hermosos códices que se albergan en la catedral de Santiago de Compostela, como guías de viaje imperecederas para llegar al finisiterre atlántico europeo, el confín desde donde poder vislumbrar la otra orilla del océano.

Esa raíz histórica de una tierra que crece desde la raíz de la palabra y del libro se mantiene a lo largo de los siglos hasta hoy. El idioma gallego fue la lengua creativa de las cortes de Afonso X en las Cantigas de Santa María, lengua creativa de los poetas medievales de nuestras rías, de los mejores versos de Rosalía de Castro, lengua de la original narrativa de Blanco Amor y Cunqueiro y de las síntesis gráficas de Castelao.

La fuerza de la palabra sigue siendo en la actualidad uno de los mayores activos de Galicia, con autores y autoras capaces de hacerla trascender a cualquier lector de cualquier parte del mundo. Este escaparate que ahora se nos ofrece en la capital Argentina para mostrar nuestras nuevas páginas ante los lectores y lectoras americanos y ante su industria editorial es un aliciente para el entusiasmo de compartirlas y de escribir nuevas líneas de nuestra historia, mano a mano, con los creadores argentinos.

Ese es el modo en el que concebimos la programación que presentamos para la celebración de Santiago de Compostela como ciudad invitada: la palabra en diálogo. Esta amplia representación de plumas gallegas que a lo largo de estas semanas serán voz en esta feria son los pilares de los nuevos puentes que queremos establecer.

Buenos Aires ya fue para Galicia capital cultural. Estos días vuelve a serlo, generosamente, para fortuna de nuestra cultura y para este deseado enriquecimiento mutuo.

Alberto
Núñez-Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Unha nova ponte sobre o Atlántico para as Letras

A Feira do Libro de Buenos Aires fai protagonista da súa edición 2016 a literatura galega, con Santiago de Compostela como cidade convidada. Galicia acolle con entusiasmo esta oportunidade para tender novas pontes coa cultura irmá arxentina, berce da nosa construción cultural recente e terra aberta para a integración da semente galega na vizosa literatura arxentina do século XX. En Buenos Aires editáronse algúns dos títulos máis importantes da literatura galega que non podían ver a luz nunha España entón escura; e os proxectos culturais da capital do Prata foron adoito labrados coas mans dos galegos acollidos nesta cidade que os recibiu cos brazos abertos.

Galicia é un país pequeno, pero un país de palabra. Os comezos da vertebración do continente europeo están asentados nas páxinas medievais de fermosos códices que se albergan na catedral de Santiago de Compostela, como guías de viaxe imperecedoiras para chegar á fistera atlántica europea, o confín desde onde poder albiscar a outra beira do océano.

Esa raíz histórica dunha terra que medra desde a raíz da palabra e do libro mantense ao longo dos séculos ata hoxe. O idioma galego foi a lingua creativa das cortes de Afonso X nas Cantigas de Santa María, a lingua creativa dos poetas medievais das nosas rías, dos mellores versos de Rosalía de Castro, a lingua da orixinal narrativa de Blanco Amor e Cunqueiro e das sínteses gráficas de Castelao.

A forza da palabra segue a ser na actualidade un dos maiores activos de Galicia, con autores e autoras capaces de facela transcender a calquera lector de calquera parte do mundo. Este escape-rate que agora se nos ofrece na capital Arxentina para mostrar as nosas novas páxinas ante os lectores e lectoras americanos e ante a súa industria editorial é un aliciente para o entusiasmo de compartilas e de escribir novas liñas da nosa historia, man a man, cos creadores arxentinos.

Ese é o modo no que concibimos a programación que presentamos para a celebración de Santiago de Compostela como cidade convidada: a palabra en diálogo. Esta ampla representación de plumas galegas que ao longo destas semanas serán voz nesta feira son os piares das novas pontes que queremos establecer.

Buenos Aires xa foi para Galicia capital cultural. Estes días volve selo, xenerosamente, para fortuna da nosa cultura e para este desexado enriquecemento mutuo.

Santiago de Compostela y Buenos Aires, dos capitales, Galicia y Argentina, dos países atlánticos, dos ciudades, dos sociedades, que se encuentran unidas por infinitos vínculos afectivos y culturales. La literatura y el libro, nexo de unión, de fraternidad entre nuestros dos pueblos. Compostela es una ciudad ligada al libro desde sus inicios, es una ciudad literaria que en el transcurso de los años aparece como cuna e inspiración de una intensa actividad alrededor de las letras.

No es fácil determinar el número de autores que han vivido, sentido o recorrido las calles y las plazas de Santiago. La casa de Murguía en el Cantón de San Benito, aquellas donde Rosalía residió, la calle de la Enseñanza donde se situaba la fría pensión en la que Cunqueiro y Fole compartían café y horas de desvelos, la ciudad poética de Pedrayo, la ubicación de los talleres de la Editorial Nós, en la Rúa del Villar, del alcalde-editor Ánxel Casal, el café Derby donde tantos autores como Valle-Inclán participaban en tertulias no solo literarias, el antiguo Hotel Suizo -quizá donde Lorca renombró Platerías como La Puerta de la Ilusión y la Quintana como La Plaza de Butacas-, el mismo lugar en la antigua calle de la Zapatería Vieja que acogió a Hemingway en su paso por la ciudad, los teatros de la Rúa Nova donde Vidal Bolaño representó y estrenó gran parte de su obra teatral, la calle de las Huertas donde Camilo e Isaac convivieron como padre e hijo, esas rúas de la ciudad histórica, las mismas rúas que paseó un joven estudiante de medicina de nombre Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, entre muchas otras personas protagonistas del libro y de la literatura.

Tampoco sería simple enumerar la cantidad de obras literarias en las que Compostela aparece como escenario, el paisaje de las más diversas historias y relatos, desde obras más clásicas y costumbristas como La casa de la Troya de Pérez Lugín hasta los relatos más modernos e innovadores como el Crimen en Compostela de Reigosa, las Trece badaladas del compostelano Suso de Toro, Tránsito de los gramáticos de Marilar Aleixandre. Santiago destino y fin del camino de ese libro sacro y venerado como es el Códice Calixtino. Ciudad creadora de Teresa Moure, Séchu Sende, Diego Ameixeiras, Rosa Aneiros, Anxos Sumai, Carlos Quiroga...

Pero no es solo lugar de residencia o escenario. Compostela es una importante ciudad de editoras, de imprentas, de librerías, de imponentes bibliotecas, y también sede de una universidad cinco veces centenaria y con una inmensa obra de carácter científico y divulgativo.

Una simbiosis entre libro y ciudad. Una ciudad capital. Una Compostela Literaria.

Martiño

Noriega Sánchez


Alcalde de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela e Buenos Aires, dúas capitais, Galiza e Arxentina, dous países atlánticos, dúas cidades, dúas sociedades, que se encontran unidas por infinitos vínculos afectivos e culturais. A literatura e o libro, nexo de unión, de fraternidade entre os nosos dous pobos. Compostela é unha cidade ligada ao libro desde os seus inicios, é unha cidade literaria que no percurso dos anos aparece como berce e inspiración dunha intensa actividade ao redor das letras. Non é fácil determinar o número de autores que viviron, sentiron ou percorreron as rúas e as prazas de Santiago. A casa de Murguía no Cantón de San Bieito, aquelas onde Rosalía residiu, a Rúa da Ensinanza onde se situaba a fría pensión na que Cunqueiro e Fole compartían café e horas de desvelos, a cidade poética de Pedrayo, a localización dos talleres da Editorial Nós, na Rúa do Vilar, do alcalde-editor Ánxel Casal, o café Derby onde tantos autores como Valle Inclán participaban en tertulias non só literarias, o antigo Hotel Suízo -quizais onde Lorca renomeou Pratarías como A Porta da Ilusión e a Quintana como A Praza de Butacas-, o mesmo lugar na antiga rúa da Zapatería Vella que acolleu a Hemingway no seu paso pola cidade, os teatros da Rúa Nova onde Vidal Bolaño representou e estreou gran parte da súa obra teatral, a rúa das Hortas onde Camilo e Isaac conviviron como pai e fillo, esas rúas da cidade histórica, as mesmas rúas que paseou un xove estudante de medicina de nome Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, entre moitas outras persoas protagonistas do libro e da literatura.

Tampouco sería simple enumerar a cantidade de obras literarias nas que Compostela aparece como escenario, a paisaxe das máis diversas historias e relatos, desde obras máis clásicas e costumistas como *La casa de la Troya* de Pérez Lugín ata os relatos máis modernos e anovadores como *o Crime en Compostela* de Reigosa, as *Trece badaladas* do compostelán Suso de Toro, *Tránsito dos gramáticos* de Marilar Aleixandre. Santiago destino e fin do camiño dese libro sacro e venerado como é o *Códice Calixtino*. Cidade creadora de Teresa Moure, Séchu Sende, Diego Ameixeiras, Rosa Aneiros, Anxos Sumai, Carlos Quiroga,...

Mais non é só lugar de residencia ou escenario. Compostela é unha importante cidade de editoras, de imprentas, de librerías, de imponentes bibliotecas, e tamén sede dunha universidade cinco veces centenaria e cunha inmensa obra de carácter científico e divulgativo.

Unha simbiose entre libro e cidade. Unha cidade capital. Unha Compostela Literaria.



The background of the page is white and features several thin, solid orange lines that intersect to form a series of geometric shapes, including triangles and quadrilaterals. These lines are positioned in the upper, lower, and side areas of the page, framing the central text.

Voces Gallegas

Autores y/e autoras invitados

SANTIAGO DE COMPOSTELA, CAPITAL DE UNA CULTURA MILENARIA

Santiago de Compostela es la capital de un viejo reino del Finisterrae europeo en el que pervive una cultura milenaria.

Las primeras manifestaciones escritas en lengua gallega datan del siglo XIII, pero el idioma nació mucho antes y sobre el siglo IX la antigua Gallaecia poseía un modo de hablar propio. Fue entonces cuando, merced al descubrimiento del presumible sepulcro del apóstol Santiago el Mayor, una floreciente ciudad creció convirtiéndose no sólo en centro del territorio, sino también en espacio de peregrinación para gentes venidas de los más diversos lugares. Estos viajeros encontraron en el Camino de Santiago y en la catedral que los esperaba a su llegada el seguro destino de sus pasos y también una tierra acogedora y hospitalaria que siempre regaló lo mejor de sí.

En la Edad Media, Santiago de Compostela y toda Galicia fueron enclaves señoriales que favorecieron el nacimiento de una cultura extraordinaria. Trovadores y juglares crearon una lírica incomparable, que brilló como la más importante del occidente europeo.

Fue también en el Medievo cuando la ciudad adquirió rango de sede metropolitana de la iglesia católica bajo el arzobispado de Diego Xelmírez (primeros del siglo XII) y cuando se fundó la universidad de la mano de Alonso III de Fonseca (finales del siglo XV).

Tras ese período áureo y por motivos de diversa índole, Galicia y Santiago de Compostela tuvieron un tránsito discreto durante las dos siguientes centurias (XVI y XVII), pues dejó de ser una monarquía independiente y pasó a integrarse en la pujante Corona de Castilla, en la que estuvo representada a través de la Junta del Reino, institución que vehiculó el parecer de las siete provincias históricas de Galicia; a saber: Santiago de Compostela, A Coruña, Mondoñedo, Betanzos, Ourense, Tui y Lugo. Esta división administrativa mudó a la actual a partir de 1833, fecha en la que se disolvió la Junta del Reino y aparecieron las actuales provincias de A Coruña, Lugo, Ourense y Pontevedra.

La llegada de los ilustrados en el siglo XVIII y el concurso de figuras como el Padre Feijoo, Diego Antonio Cernadas de Castro, Xosé Coornide Saavedra y, sobre todo, el Padre Sarmiento lograron que Santiago de Compostela y Galicia fuesen recuperando, poco a poco, su importancia cultural e histórica, al tiempo que propusieron medidas renovadoras para la mejora económica y social del territorio.

Armando
Requeixo

A lo largo del siglo XIX, la cultura gallega y la sociedad que la sustenta vio como se producía el renacer de su lengua y literatura que caracterizó el período denominado Rexurdimento. Desde el inicio de la centuria, pero, sobre todo, a partir de mediados de la misma el cultivo de las letras fue en aumento. Este resurgir se vio secundado por movimientos sociopolíticos identificados con el país, como lo fueron los de Provincialismo, primero, y el Regionalismo, después.

Fue en ese contexto en el que se convocaron los primeros Juegos Florales que permitieron la participación en gallego (1861), cuando aparecieron las antologías aurales que recogieron textos en esta lengua (Álbum de la Caridad, 1862), se imprimieron las primeras publicaciones periódicas en el mismo idioma (O Tío Marcos da Portela, 1876) y se escribieron las gramáticas (Compendio de gramática gallega-castellana, 1864, de Francisco Mirás) y diccionarios inaugurales (Diccionario gallego-castellano, 1865, de Francisco Xavier Rodríguez).

Ahora bien, el Rexurdimento fulguró con intensidad principalmente en el ámbito literario, pues fue entonces cuando Galicia retomó el pulso de la admirable literatura medieval gracias a los grandes poetas de este tiempo: Rosalía de Castro (nacida y criada en Santiago de Compostela), Eduardo Pondal (formado también en esta ciudad) y Manuel Curros Enríquez.

La obra de estos tres poetas, así como también la de los primeros narradores importantes de la época (Xoán Manuel Pintos, Marcial Valladares y el compostelano Antonio López Ferreiro), los eruditos e investigadores del momento (Benito Vicetto, Alfredo Brañas, Manuel Murguía) e incluso los dramaturgos de esta hora (Antonio Benito Fandiño), consiguieron que Galicia y, particularmente, Santiago de Compostela como vieja capital histórica regresasen al camino de la gran producción cultural y artística. Obras en verso como Cantares gallegos (1863) y Hojas nuevas (1880) de Rosalía de Castro, Rumores de los pinos (1886) de Eduardo Pondal o Aires de mi tierra (1880) de Manuel Curros Enríquez y libros en prosa como La gaita gallega (1853) de Xoán Manuel Pintos, Maxina o la hija espuria (1880) de Marcial Valladares o El catecismo del labriego (1889) de Valentín Lamas Carvajal son el mejor exponente de la altura literaria que alcanzó el Rexurdimento. Los comienzos del siglo XX resultaron para Santiago de Compostela y el resto de Galicia un período de grandes transformaciones. La vieja sociedad rural en la que la hidalguía foral se hacía omnipresente vio como la masa urbana crecía lentamente al tiempo que cobraba mayor importan-

cia el contingente de operarios fabriles, comerciantes, profesionales liberales y otras gentes dedicadas al sector terciario.

En lo cultural, esta mudanza se vio acompañada de la consolidación de la literatura en lengua gallega -que vivió entonces una suerte de Edad de Plata- y la afirmación de las raíces y los valores propios. Así, se fundó en este momento la Real Academia Gallega (1906), espoleada inicialmente desde la Galicia de la emigración americana; se constituyeron las Irmandades da Fala, da las que se cumple este año el centenario y que representaron la primera plataforma nacionalista organizada desde la que se aglutinó buena parte de la intelectualidad gallega de esa altura; echó a andar el Seminario de Estudios Gallegos (1923), institución con la que la alta investigación en gallego entró en la universidad, adquiriendo, de este modo, el mayor de los rangos académicos; y surgió el Partido Galleguista (1931), portavoz nacionalista y aglutinador de los esfuerzos en favor de la tierra, la cultura y la lengua propias.

La década de los años 20 y los primeros 30 asistió a una auténtica explosión de creatividad artística que, en lo literario, se concretó en la aparición de generaciones y promociones nucleadas en torno a un común sentimiento de pertenencia. La llamada Época Nós -así llamada por ser la emblemática revista Nós (Nosotros, 1920) y los miembros del grupo homónimo que la dirigía los máximos exponentes de esta eclosión creativa- tuvo en las ciudades de Ourense, por un lado, y Santiago de Compostela, por otro, los espacios referenciales en el decorrer cultural de estos años. En Ourense nacieron Florentino Cuevillas, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo y en ella vivió también Antón Losada Diéguez, escritores e intelectuales de primer orden, a los que habría que sumar la figura del rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, tan unida a ellos en diferentes sentidos.

Por Santiago de Compostela pasaron en este tiempo muchos jóvenes universitarios que hicieron resplandecer las letras gallegas de esos años, dándose cita en célebres cafés como el Español o el Derby, a cuyas tertulias asistían figuras como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole o Francisco Fernández del Riego y otras que más tarde vivieron los días argentinos, como Luis Seoane o Rafael Dieste. Además, en la ciudad del Apóstol acabó radicándose la Imprenta-Editorial Nós, dirigida por Ánxel Casal, quien después fue su alcalde. En el taller santiagués de Nós se compusieron la gran mayoría de los títulos destacados de este período, como De cuatro a cuatro (1928) de Manuel Antonio, El cerdo de pie (1928) de Vicente Risco, Alrededor de sí (1930) de Ramón Otero Pedrayo, Mar al norte (1932) de Álvaro Cunqueiro o Retazos (1934) de Castelao, entre otros muchos.

La Guerra Civil (1936-1939) trajo consigo tiempos revueltos para la cultura gallega y la sociedad española. Disconformes y/o amenazados por el nuevo Régimen impuesto por las armas, un número importante de escritores e intelectuales gallegos se fueron a otras tierras en las que poder proseguir su trayectoria autorial. Entre todos los destinos posibles, el exilio porteño fue el preferido y el Buenos Aires de los años 40, 50 y 60 vio como estos creadores se sumaban a otros


emigrados previamente para vivir los días de gloria del Tortoní, del Centro Gallego y de otros foros en los que la colonia gallega en la Argentina tuvo, y tiene, parte principal. Castelao, Eduardo Blanco-Amor, Luis Seoane, Rafael Dieste o Xosé Neira Vilas compartieron desvelos y sueños en la ciudad del Plata, donde fueron compañeros suyos de aventura argentino-gallegos como Francisco Luis Bernárdez, González Carvalho y otros que, por motivos familiares, amicales o de otra índole, también sintieron próxima Galicia, como Julio Cortázar o Jorge Luis Borges.

Santiago de Compostela y Galicia se convirtieron en esa interminable noche de piedra del franquismo en sombra de los días pasados, que sólo recobró su esplendor con la llegada de la Transición democrática a partir de 1975. Con todo, durante esas cuatro décadas hubo algunos oasis culturales y literarios, como la constitución en Compostela del Instituto Padre Sarmiento en los años cuarenta -que recibió la herencia del viejo Seminario de Estudios Gallegos-, la celebración -también en Santiago- de las Fiestas Minervales en los años cincuenta o la fundación, al comenzar esa década, de Galaxia, decana de las editoriales gallegas y sello en el que se publicaron los más importantes títulos hasta finales de los setenta.

La aprobación del Estatuto de Autonomía en abril de 1981 y el posterior establecimiento de la Ley de Normalización Lingüística de junio de 1983 sentaron las bases jurídicas que dan fundamento a la Galicia de nuestros días. En ese marco, la designación de Santiago de Compostela como sede del gobierno de la Xunta de Galicia y, por lo tanto, de capital administrativa, hizo que la ciudad experimentase un fuerte impulso sociocultural. Esta nueva dimensión, unida a su tradicional protagonismo religioso como epicentro del fenómeno jacobeo y del Camino y también a su histórica relevancia universitaria, condesa las señas de identidad de la ciudad tanto en las dos últimas décadas del pasado siglo como en los primeros lustros de este nuevo milenio.

Así pues, Santiago de Compostela, que alberga en su seno desde el 2001 la Ciudad de la Cultura -magno complejo arquitectónico, cultural y de entretenimiento convertido ya en una referencia internacional-, es hoy una ciudad dinámica, punto de encuentro de gentes de todo el mundo que admiran en sus calles el diálogo de la tradición con la modernidad urbanística y gozan de la variedad y profusión de actos y eventos culturales que en ella pueden contemplarse cada día.

Algunas de las voces más representativas de esa Santiago de Compostela y de la Galicia de esta

A thick orange line starts at the top left, slopes down to the right, then turns and slopes up to the right, ending at the top right.

hora están representadas en este catálogo, en el que van de la mano narradores, poetas, ensayistas, dramaturgos, científicos, gastrónomos, artistas, editores o periodistas, todos a una para ofrecerles, a aquellos que quieran conocernos, lo mejor de una cultura atlántica y universal.

A thick orange line starts at the bottom left and slopes up to the right, ending at the bottom right.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, CAPITAL DUNHA CULTURA MILENARIA

Santiago de Compostela é a capital dun vello reino do Finisterrae europeo no que latexa unha cultura milenaria.

As primeiras manifestacións escritas en lingua galega datan do século XIII, mais o idioma agromara moito antes e contra o século IX a antiga Gallaecia tiña fala de seu. Foi entón cando, ao abeiro da descuberta do presumible sepulcro do apóstolo Santiago o Maior, unha florecente cidade medrou converténdose non só en centro do territorio, senón tamén en espazo de peregrinación para xentes vindas dos máis diversos lugares. Estes viaxeiros atoparon no Camiño de Santiago e na catedral que os esperaba á súa chegada o destino certo dos seus pasos e tamén unha terra acolledora e hospitalaria que sempre regalou o mellor de si.

Na Idade Media, Santiago de Compostela e toda Galicia foron enclaves señoriais que favoreceron o xurdimento dunha cultura extraordinaria. Trobadores e xograres crearon unha lírica incomparable, que brillou como a máis importante do occidente europeo.

Foi tamén no Medievo cando a cidade adquiriu rango de sede metropolitana da igrexa católica baixo o arcebispado de Diego Xelmírez (primeiros do século XII) e cando se fundou a universidade da man de Alonso III de Fonseca (finais do século XV).

Tras dese período áureo e por motivos de diversa índole, Galicia e Santiago de Compostela tiveron un tránsito discreto durante as seguintes dúas centurias (XVI e XVII), pois deixou de ser unha monarquía independente e pasou a integrarse na puxante Coroa de Castela, na que estivo representada a través da Xunta do Reino, institución que vehiculou o parecer das sete provincias históricas de Galicia; a saber: Santiago de Compostela, A Coruña, Mondoñedo, Betanzos, Ourense, Tui e Lugo. Esta división administrativa mudou pola actual a partir de 1833, data na que se dissolveu a Xunta do Reino e apareceron as actuais provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

A chegada dos ilustrados no século XVIII e o concurso de figuras como o Padre Feixoo, Diego Antonio Cernadas de Castro, Xosé Cornide Saavedra e, sobre todo, o Padre Sarmiento lograron que Santiago de Compostela e Galicia fosen, aos poucos, recuperando a súa importancia cultural

e histórica, ao tempo que propuxeron medidas renovadoras para a mellora económica e social do territorio.

Ao longo do século XIX, a cultura galega e a sociedade que a sustenta veu como se producía o renacer da súa lingua e literatura que caracterizou o período denominado Rexurdimento. Dende os primeiros da centuria, mais, sobre todo, a partir de mediados da mesma o cultivo das letras foi en aumento. Este novo agromar veuse secundado por movementos sociopolíticos identificados co país, como foron o do Provincialismo, primeiro, e o do Rexionalismo, despois.

Foi neste contexto no que se convocaron os primeiros Xogos Florais que permitiron a participación en galego (1861), cando apareceron as antoloxías auroras que recolleron textos nesta lingua (Álbum de la Caridad, 1862), viron luz as primeiras publicacións periódicas no mesmo idioma (O Tío Marcos da Portela, 1876) e se escribiron as gramáticas (Compendio de gramática gallego-castellana, 1864, de Francisco Mirás) e dicionarios inaugurais (Diccionario gallego-castellano, 1865, de Francisco Xavier Rodríguez).

Agora ben, o Rexurdimento fulgurou con intensidade principalmente no eido literario, pois foi daquela cando Galicia retomou o pulso da admirable escrita medieval mercé aos grandes poetas deste tempo: Rosalía de Castro (nacida e criada en Santiago de Compostela), Eduardo Pondal (formado tamén nesta cidade) e Manuel Curros Enríquez.

A obra destes tres poetas, así como tamén a dos primeiros narradores importantes da época (Xoán Manuel Pintos, Marcial Valladares e o compostelán Antonio López Ferreiro), os eruditos e investigadores do momento (Benito Vicetto, Alfredo Brañas, Manuel Murguía) e mesmo os dramaturgos desta hora (Antonio Benito Fandiño), conseguiron que Galicia e, particularmente, Santiago de Compostela como vella capital histórica regresasen ao camiño da gran produción cultural e artística. Obras en verso como Cantares gallegos (1863) e Follas novas (1880) de Rosalía de Castro, Queixumes dos pinos (1886) de Eduardo Pondal ou Aires da miña terra (1880) de Manuel Curros Enríquez e libros en prosa como A gaita gallega (1853) de Xoán Manuel Pintos, Maxina ou a filla espúrea (1880) de Marcial Valladares ou O catecismo do labrego (1889) de Valentín Lamas Carvajal son o mellor expoñente da altura literaria que acadou o Rexurdimento.

Os comezos do século XX resultaron para Santiago de Compostela e o resto de Galicia un período de grandes transformacións. A vella sociedade rural na que a fidalguía foral se facía omnipresente veu como devagar a masa urbana medraba ao tempo que cobraba maior importancia o continxente de operarios fabrís, comerciantes, profesionais liberais e outras xentes dedicadas ao sector terciario.

No cultural, esta mudanza veuse acompañada da consolidación da escrita en lingua galega -que viviu entón unha sorte de Idade de Prata- e a afirmación das raíces e os valores propios. Así, fundouse neste momento a Real Academia Galega (1906), esporeada inicialmente dende a Galicia da emigración americana; constituíronse as Irmandades da Fala, das que se cumpre este ano o

centenario e que representaron a primeira plataforma nacionalista organizada dende a que se aglutinou boa parte da intelectualidade galega daquela altura; botou a andar o Seminario de Estudos Galegos (1923), institución coa que a alta investigación en galego entrou na universidade, adquirindo, deste xeito, o maior dos rangos académicos; e abrollou o Partido Galeguista (1931), voceiro nacionalista e aglutinador dos esforzos a prol da terra, a cultura e a lingua galegas.

A década dos anos 20 e os primeiros 30 asistiu a unha auténtica explosión de creatividade artística que, no literario, se concretou no abrollar de xeracións e promocións nucleadas arredor dun común sentimento de pertenza. A chamada Época Nós -así denominada por ser a emblemática revista Nós (1920) e os membros do grupo homónimo que a dirixía os máximos expoñente deste estourido creativo- tivo nas cidades de Ourense, por unha banda, e Santiago de Compostela, por outra, os espazos referenciais no decorrer cultural destes anos.

En Ourense naceron Florentino Cuevillas, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo e nela laborou tamén Antón Losada Diéguez, escritores e intelectuais de primeira orde, aos que cómpre sumar a figura do rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, tan unida a eles en diferentes sentidos.

Por Santiago de Compostela pasaron neste tempo moitos dos mozos universitarios que fixeron resplandecer as letras galegas deses anos, dándose cita en célebres cafés como o Español ou o Derby, aos faladoiros dos cales asistían figuras como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole ou Francisco Fernández del Riego e outras que logo viviron os días arxentinos, como Luís Seoane ou Rafael Dieste. Amais, na cidade do Apóstolo acabou radicándose a Imprenta-Editorial Nós, dirixida por Ánxel Casal, quen logo foi o seu alcalde. No prelo santiagués de Nós compuxéronse a gran maioría dos títulos destacados deste período, como De catro a catro (1928) de Manuel Antonio, O porco de pé (1928) de Vicente Risco, Arredor de si (1930) de Ramón Otero Pedrayo, Mar ao norde (1932) de Álvaro Cunqueiro ou Retrincos (1934) de Castelao, entre moitos outros.

A Guerra Civil (1936-1939) trouxo consigo tempos avoltos para a cultura galega e a sociedade española. Desconformes e/ou ameazados polo novo Réxime imposto polas armas, un número importante de escritores e intelectuais galegos marcharon a outras terras nas que poder proseguir a súa andaina aural. Entre todos os destinos posibles, o exilio porteño foi o preferido e o Buenos Aires dos anos 40, 50 e 60 viu como estes creadores se sumaban a outros emigrados previamente

para vivir os días de gloria do Tortoni, do Centro Galego e doutros foros nos que a colonia galega na Arxentina tivo, e ten, parte principal. Castelao, Eduardo Blanco-Amor, Luís Seoane, Rafael Dieste ou Xosé Neira Vilas compartiron angueiras e soños na cidade do Plata, onde foron os seus compañeiros de aventura arxentino-galegos como Francisco Luís Bernárdez, González Carvalho e outros que, por motivos familiares, amigables ou doutra índole, tamén sentiron próxima Galicia, como Julio Cortázar ou Jorge Luis Borges.

Santiago de Compostela e Galicia volvéronse nesa longa noite de pedra do franquismo unha sombra dos días pasados, que só recobrou o seu esplendor coa chegada da Transición democrática a partir de 1975. Secasí, durante esas catro décadas houbo algúns oasis culturais e literarios, como a constitución en Compostela do Instituto Padre Sarmiento nos anos corenta -que recibiu o herdo do vello Seminario de Estudos Galegos-, a celebración -tamén en Santiago- das Festas Minervais nos anos cincuenta ou a fundación, no comezo desa década, de Galaxia, decana das editoriais galegas e selo no que se publicaron os máis importantes títulos ata finais dos setenta.

A aprobación do Estatuto de Autonomía en abril de 1981 e o posterior establecemento da Lei de Normalización Lingüística de xuño de 1983 sentaron as bases xurídicas nas que ancora a Galicia dos nosos días. Nese marco, a designación de Santiago de Compostela como sede do goberno da Xunta de Galicia e, polo mesmo, de capital administrativa, fixo que a cidade experimentase un forte impulso sociocultural. Esta nova dimensión, unida ao seu tradicional protagonismo relixioso como epicentro do fenómeno xacobeo e do Camiño e tamén ao seu histórico relevo universitario, espella os sinais de identidade da cidade tanto nas dúas últimas décadas do pasado século coma nos primeiros lustros deste novo milenio.

Xa que logo, Santiago de Compostela, que alberga no seu seo dende o 2001 a Cidade da Cultura -magnó complexo arquitectónico, cultural e de entretemento convertido xa nunha referencia internacional-, é hoxe unha cidade dinámica, punto de encontro de xentes de todo o mundo que admiran nas súas rúas o diálogo da tradición e a modernidade urbanística e gozan coa variedade e profusión de actos e eventos culturais que nela poden contemplarse cada día.

Algunhas das voces máis representativas desa Santiago de Compostela e da Galicia da nosa hora están representadas neste catálogo, onde van da man narradores, poetas, ensaístas, dramaturgos, científicos, gastronomos, artistas, editores ou xornalistas, todos a unha para ofrecer, aos que nos queiran coñecer, o mellor dunha cultura atlántica e universal.

The background features several thin, orange lines that intersect and extend across the page, creating a geometric, abstract pattern. These lines are positioned in the upper, lower, and side areas, framing the central text.

Voces Gallegas

Autores y/e autoras invitados

(Poio, Pontevedra, 1963) es catedrático de Filosofía y director del Departamento de Filosofía y Antropología en la Universidad de Santiago de Compostela, además de uno de los pensadores gallegos con mayor proyección académica internacional, pues ha sido profesor invitado en universidades de Europa (Italia, Alemania, Portugal), América (Brasil, EE. UU., México, Chile) y Asia (Japón).

Fundador y presidente de la Sociedad Interuniversitaria de Filosofía de Santiago de Compostela, presidente del Foro Galicia Milenio y miembro del comité científico de otras prestigiosas revistas, también es colaborador habitual de medios como El Correo Gallego.

Formado en París y Chicago con Paul Ricoeur, su amplia trayectoria investigadora se centra en los ámbitos de la hermenéutica de lo sagrado, la hermenéutica filosófica y el pensamiento gallego, labor que le ha sido reconocida con diferentes distinciones, como la Insignia de Oro de la Universidad de Santiago de Compostela (2006) o el Premio de Ensayo Manuel Murguía (2015).

Entre sus obras más destacadas son de cita obligada Mircea Eliade. Una filosofía de lo sagrado (1991), El discurso filosófico: análisis desde la obra de Paul Ricoeur (1993), Del símbolo a la metáfora. Introducción a la filosofía hermenéutica de Paul Ricoeur (1995), Historias de la Filosofía (1997), Crónica viva del pensamiento gallego (2001), Paul Ricoeur: la fuerza de la razón compartida (2004), Caminantes. Un itinerario filosófico (2009) o Conocimiento y razón práctica. Un recorrido por la filosofía de Paul Ricoeur (2011), además de otros textos en coautoría publicados en Italia, Venezuela, Portugal, Alemania o Francia, varios de sobre la figura de Ricoeur.

Traducido al español, inglés, japonés y ruso, Agís Villaverde es probablemente el pensador actual que ha dedicado más páginas a la recuperación y el estudio de filósofos e intelectuales gallegos, lo que convierte sus trabajos en una referencia imprescindible para el conocimiento de esta tradición.

Marcelino
Agís Villaverde



(Poio, Pontevedra, 1963) é catedrático de Filosofía e director do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social na Universidade de Santiago de Compostela, amais dun dos pensadores galegos con maior proxección académica internacional, pois foi profesor convidado en universidades de Europa (Italia, Alemaña, Portugal), América (Brasil, EE. UU., México, Chile) e Asia (Xapón).

Fundador e presidente da Sociedad Interuniversitaria de Filosofía de Santiago de Compostela, presidente do Foro Galicia Milenio e membro do comité científico doutras prestixiosas revistas, é tamén colaborador habitual en medios como El Correo Gallego.

Formado en París e Chicago con Paul Ricoeur, a súa ampla traxectoria investigadora céntrase nos eidos da hermenéutica do sagrado, a hermenéutica filosófica e o pensamento galego, labor que lle foi recoñecido con diferentes distincións, como a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela (2006) ou o Premio de Ensaio Manuel Murguía (2015).

Entre as súas obras máis destacadas cómpre citar Mircea Eliade. Una filosofía de lo sagrado (1991), El discurso filosófico: análisis desde la obra de Paul Ricoeur (1993), Del símbolo a la metáfora. Introducción a la filosofía hermenéutica de Paul Ricoeur (1995), Historias da Filosofía (1997), Crónica viva do pensamento galego (2001), Paul Ricoeur: a forza da razón compartida (2004), Camiñantes. Un itinerario filosófico (2009) ou Conocimiento y razón práctica. Un recorrido por la filosofía de Paul Ricoeur (2011), alén doutros textos en coautoría publicados en Italia, Venezuela, Portugal, Alemaña ou Francia, varios deles arredor da figura de Ricoeur.

Traducido ao castelán, inglés, xaponés e ruso, Agís Villaverde é probablemente o pensador actual que ten dedicado máis páxinas á recuperación e o estudo de filósofos e intelectuais galegos, o que converte os seus traballos nunha referencia imprescindible para o coñecemento desta tradición.

(MiguelTurra, Ciudad Real, 1947) nació en tierras manchegas, pero se crió en Ferrol. Ingeniero de Telecomunicaciones y doctor en Informática, lo unen a la Argentina fuertes lazos tanto profesionales como personales, pues está casado con una porteña, circunstancias que ayudan a explicar la destacada presencia de la realidad y la historia de este país en muchas de sus narraciones.

Autor de muy amplia trayectoria, a lo largo de más de cuarenta años dedicados a las letras ha publicado algunos títulos que se consideran clásicos modernos de la Literatura Gallega, como Nuestra ceniza (1980), que marcó a toda una generación de lectores en Galicia.

Contador de historias con maestría demostrada, para Alcalá la emigración, la saudade y la memoria de la Tierra lejana son algunos de los motivos recurrentes de su obra, que en muchos sentidos puede calificarse de americanista, incluso de argentinista y aún, en ocasiones, de patagonista, como demuestran títulos suyos como En los pagos de Huinca Loo (1982), Latitud austral (1991), Cuentos de las Américas (1992), Hotel Damasco (1995) y Al sur del mundo (1998) o las crónicas de viajes Arxentina (1990), Viajes en el país de Elal (1992) y Argentina (1993).

La dedicación denodada de Alcalá en favor de las letras de Galicia lo ha conducido también hasta el periodismo, la traducción (a él debemos versiones gallegas de Robert Louis Stvenson o Arthur Conan Doyle), el ensayismo (La galleguidad empresarial, 1995; C-e: de empresa a empresa, 2005), las monografías sobre patrimonio cultural (Guía de la provincia de A Coruña: Historia, Patrimonio, Gastronomía, 1996; Memoria de Ferrol, 2002) e inclusive la divulgación filológica (El gallego hoy, 1978).

Traducido muchas veces y a diferentes idiomas y también profusamente reeditado, la prosa de Alcalá es orfebrería fina en el diseño de personajes y en la recreación de ambientes. Una estética de período fértil pero depurado, repleta de diálogos, pasajes evocadores y fragmentos reflexivos que consiguen atrapar al lector en la esencia reveladora de los mundos recreados.

Xavier
Alcalá



Foto Nifunifa

(Miguelturra, Ciudad Real, 1947) naceu en terras manchegas, pero criouse en Ferrol. Enxeñeiro de Telecomunicacións e doutor en Informática, garda un especial vencello coa Arxentina tanto por razóns profesionais coma persoais, pois casou cunha porteña, circunstancias que axudan a explicar a destacada presenza da realidade e a historia deste país en moitas das súas narracións. Autor de moi ampla traxectoria, ao longo de máis de corenta anos dedicados á escrita ten publicado algúns títulos que se consideran clásicos modernos da Literatura Galega, como *A nosa cinza* (1980), que marcou a toda unha xeración de lectores en Galicia.

Contador de historias de habelencia certa, Alcalá ten na emigración, a saudade e a memoria da Terra arredada algúns dos motivos recorrentes da súa obra, que en moitos sentidos pode cualificarse de americanista, mesmo de arxentinista e aínda, en ocasións, de patagonista, como demostran títulos seus como *Nos pagos de Huinca Loo* (1982), *Latitude austral* (1991), *Contos das Américas* (1992), *Hotel Damasco* (1995) e *Alén da desventura* (1998) ou as crónicas de viaxes *Arxentina* (1990), *Viaxes no país de Elal* (1992) e *Argentina* (1993).

O labor entregue de Alcalá a prol das letras de Galicia teno levado tamén polos eidos do xornalismo, a tradución (a el debemos versións galegas de Robert Louis Stevenson ou Arthur Conan Doyle), o ensaísmo (*A galegitude empresarial*, 1995; *C-e: de empresa a empresa*, 2005), a escrita sobre patrimonio cultural (*Guía da provincia de A Coruña: Historia, Patrimonio, Gastronomía*, 1996; *Memoria de Ferrol*, 2002) e mesmo a divulgación filolóxica (*O galego hoxe*, 1978).

Traducida moitas veces e a diferentes linguas e tamén reeditada abondosamente, a prosa de Alcalá é ourivería fina no deseño de personaxes e na recreación de ambientes. Unha estética de período vizoso pero depurado, plena de diálogos, pasaxes evocativas e treitos reflexivos que conseguen atrapar o lector na esencia reveladora dos mundos recreados.

(Vigo, 1928) es uno de los ensayistas más importantes de la Galicia de las últimas décadas. Presidente de la Real Academia Gallega, catedrático emérito de Literatura Gallega de la Universidad de Santiago de Compostela, su labor como escritor, traductor y conferenciante hace de él uno de los intelectuales más reconocidos y premiados de nuestra hora.

La copiosa producción científica de Alonso Montero abarca los ámbitos de la sociolingüística, la historia, la teoría y crítica literarias y también la literatura comparada. Libros como *Lo que es preciso saber de la lengua gallega* (1969) o *Informe(s) sobre la lengua gallega (presente y pasado)* (1991) son imprescindibles para comprender la realidad idiomática y cultural gallega del último medio siglo. Asimismo, sus contribuciones a la edición y estudio monográfico de autores clásicos de la literatura gallega hacen que hoy conozcamos más y mejor voces como las de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Castelao, Manuel Leiras Pulpeiro, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro o Xosé Filgueira Valverde, entre muchos otros.

Colaborador en numerosos medios de comunicación, orador en palestras internacionales, profesor invitado en diferentes universidades de todo el mundo, su vínculo con la cultura argentina y el interés por sus intelectuales es una constante en su quehacer, tal como demuestran los muchos ensayos que ha dedicado a figuras gallegas de la emigración o el exilio como Castelao, Blanco-Amor, Seoane, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado o Dieste y también a otras propiamente porteñas como, por ejemplo, Francisco Luis Bernárdez.

Infatigable investigador de las letras gallegas, Alonso Montero es también un importante estudioso de la obra de otros creadores del ámbito hispánico como Federico García Lorca, Antonio Machado, Miguel de Unamuno o Ramón María del Valle-Inclán.

Además de su ingente producción ensayística, deben destacarse sus incursiones en el terreno poético con títulos como *Versos satíricos al modo medieval* (1998) o *Versos republicanos* y otros versos políticos (2002), así como ocasionales aportaciones a la literatura dramática en obras como *Un juicio oral* (bilingüe) en una localidad gallega. Otoño 1942 (2014).

Xesús

Alonso Montero



(Vigo, 1928) é un dos ensaístas máis importantes da Galicia das últimas décadas. Presidente da Real Academia Galega, catedrático emérito de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela, o seu labor como escritor, tradutor e conferenciante fai del un dos intelectuais máis recoñecidos e premiados da nosa hora.

A copiosa produción científica de Alonso Montero abrangue os eidos da sociolingüística, a historia, a teoría e a crítica literarias e tamén a literatura comparada. Libros como *O que cómpre saber da lingua galega* (1969) ou *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)* (1991) son imprescindibles para comprender a realidade idiomática e cultural galega do último medio século. Así mesmo, as súas achegas á edición e estudo monográfico de autores clásicos da literatura galega fan que hoxe coñezamos máis e mellor voces como as de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Castelao, Manuel Leiras Pulpeiro, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Piñeiro ou Xosé Filgueira Valverde, entre moitos outros.

Colaborador en numerosos medios de comunicación, orador en palestras internacionais, profesor convidado en diferentes universidades de todo o mundo, o seu vencello coa cultura arxentina e o interese polos seus intelectuais é unha constante no seu quefacer, tal como amosan os abondosos ensaios que ten dedicado a figuras galegas da emigración e o exilio como Castelao, Blanco-Amor, Seoane, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado ou Dieste e tamén a outras propiamente porteñas, poño por caso, Francisco Luis Bernárdez.

Infatigable pescudador das letras galegas, Alonso Montero é tamén un importante estudoso da obra doutros creadores de ámbito hispánico como Federico García Lorca, Antonio Machado, Miguel de Unamuno ou Ramón María del Valle-Inclán.

Alén da súa inxente produción ensaística, cómpre salientar as súas incursións no ámbito poético con títulos como *Versos satíricos ao xeito medieval* (1998) ou *Versos republicanos e outros versos políticos* (2002), así como ocasionais achegas á literatura dramática en obras como *Un xuízo oral (bilingüe) nunha vila galega. Outono 1942* (2014).

(Lausana, Suiza, 1971) nació en tierras helvéticas pero se crió en Ourense, ciudad que ha rebautizado en sus narraciones como Oregón.

Periodista por formación y guionista por dedicación, Ameixeiras ha cultivado con asiduidad el género negro, donde, como todo autor que se precie, también ha creado su particular versión del detective sagaz en la persona de Horacio Dopico.

Como narrador se estrenó con Bajo mínimos (2004), a la que siguió, poco después, El ciudadano del mes (2006), parodias del hard-boiled que se configuran como pulp. Tras ellas vinieron la divertida Tres segundos de memoria (2006) -Premio Xerais-, la dura Dime algo sucio (2009) -Premio Especial del Director de la Semana Negra de Gijón-, la ficción política Asesinato en el Consejo Nacional (2010) -Premio Irmandade do Libro-, la convulsa Historias de Oregón (2011) -Premio Novela por entregas La Voz de Galicia-, la historia de inspiración real recreada en Todo OK (2012), el enojoso mundo de los tiburones bancarios de Matarte lentamente (2013), el retrato de precariedad de Conduce rápido (2014) -Premio Antón Losada Diéguez- y la metaliteraria La noche encima (2015), que homenajea a David Goodis.

Poseedor de un estilo ágil y directo, caracterizado por la absoluta economía expresiva, Ameixeiras dosifica la información para crear estructuras transparentes en las que las vidas de sus personajes van encajando en tramas cruzadas que mapean la realidad que los circunda, en la que abundan las historias de delincuentes, la intriga política y las atmósferas opresivas y violentas.

Traducido al castellano, catalán, alemán e italiano e incluido en la antología de autores argentinos y españoles Charco negro (2013), Ameixeiras es colaborador de La Voz de Galicia y otros medios y ha realizado incursiones en el género teatral, como en la reciente El aniversario (2016), que tuvo una lectura dramatizada en la sede de la Fundación SGAE en Santiago de Compostela de la que participaron profesionales de la Asociación de Actores y Actrices de Galicia bajo la dirección de Artur Trillo.

Diego
Ameixeiras



(Lausana, Suíza, 1971) naceu en terras helvéticas pero criouse en Ourense, cidade que rebautizo nas súas narracións como Oregón.

Xornalista por formación e guionista por dedicación, Ameixeiras ten cultivado con asiduidade o xénero negro, onde, como todo autor que se prece, tamén creou a súa particular versión do detective sagaz na persoa de Horacio Dopico.

Como narrador estreouse con Baixo mínimos (2004), á que seguiu, pouco despois, O cidadán do mes (2006), parodias do hard-boiled que se configuran como pulp. Tras elas viñeron a benhumorada Tres segundos de memoria (2006) -Premio Xerais-, a dura Dime algo sucio (2009) -Premio Especial do Director da Semana Negra de Xixón-, a ficción política Asasinato no Consello Nacional (2010) -Premio Irmandade do Libro-, a convulsa Historias de Oregón (2011) -Premio Novela por entregas La Voz de Galicia-, a escrita de inspiración real recreada en Todo OK (2012), o anoxador mundo dos tabeiróns bancarios de Matarte lentamente (2013), o retrato da precariedade de Conduce rápido (2014) -Premio Antón Losada Diéguez- e a ben metaliteraria A noite enriba (2015), que homenaxea a David Goodis.

Posuidor dun estilo áxil e directo, caracterizado pola absoluta economía expresiva, Ameixeiras dosifica a información para crear estruturas transparentes nas que as vidas dos seus personaxes van encaixando en tramas cruzadas que teselan a realidade que os circunda, na que abundan as historias de delincuentes, a intriga política e as atmosferas opresivas e violentas.

Traducido ao castelán, catalán, alemán e italiano e incluído na antoloxía de autores arxentinos e españois Charco negro (2013), Ameixeiras é colaborador de La Voz de Galicia e outros medios e ten realizado incursións no xénero teatral, como na recente O aniversario (2016), que tivo unha lectura dramatizada na sede da Fundación SGAE en Santiago de Compostela da que participaron profesionais da Asociación de Actores e Actrices de Galicia baixo a dirección de Artur Trillo.

(Vigo, 1949) se formó como delineante y trabajó durante años en los astilleros vigueses de Vulcano, donde se significó como líder sindical del sector de la construcción naval.

Al entrar en la prejubilación decidió dedicar el tiempo a, entre otras cosas, aprender el arte culinario de las mejores tabernas de A Guía (sur de Pontevedra) y ampliar conocimientos realizando cursos de cocina. En esa feliz travesía dio con él la productora Faro, quien le propuso presentar una serie ideada para la Televisión de Galicia en la que él haría de cocinero para divulgar las excelencias de la gastronomía popular urbana. El éxito fue tal que lleva ya varios años en pantalla, con unos índices de audiencia y aceptación masiva que han convertido a la serie Larpeiros (Glotonos) en uno de los programas más vistos en Galicia en los últimos años.

Campos, que se aficionó a la cocina mientras cumplía el servicio militar en Madrid en 1971, es hoy una referencia ineludible en la bibliografía gastronómica gallega, pues a raíz del éxito del programa televisivo ha publicado La cocina de Larpeiros. 150 recetas de Benigno Campos (2009) -actualmente en la décimo tercera edición-, Nuevas recetas de cocina de Larpeiros (2010), Vuelve la cocina de Larpeiros (2012) y Cocinando con Benigno Campos (2014), todos ellos con ventas que se cuentan por miles y no dejan lugar a dudas sobre su popularidad.

Campos se incorpora, así, a la arraigada tradición gastronómica gallega, que ha dado ensayistas sobre el mundo de los fogones tan notables como Manuel María Puga y Parga 'Picadillo', Emilia Pardo Bazán, Álvaro Cunqueiro o Xosé María Castroviejo.

Benigno
Campos



(Vigo, 1949) formouse como delineante e traballou durante anos nos estaleiros vigueses de Vulcano, onde se significou como líder sindical do sector da construción naval.

Ao entrar na prexubilación decidiu dedicar o tempo a, entre outras cousas, aprender a arte culinaria das mellores tabernas da Guía (sur de Pontevedra) e ampliar coñecementos realizando cursos de cociña. Nesa feliz travesía deu con el a produtora Faro, quen lle propuxo presentar unha serie ideada para a Televisión de Galicia na que el faría de cociñeiro para divulgar as excelencias da gastronomía popular urbana. O éxito foi tal que xa leva varios anos en pantalla, cuns índices de audiencia e aceptación masiva que converteron a serie Larpeiros nun dos programas máis vistos en Galicia nos últimos anos.

Campos, que se afeccionou á cociña mentres cumpría o servizo militar en Madrid en 1971, é hoxe unha referencia ineludible na bibliografía gastronómica galega, pois a raíz do éxito do programa televisivo tirou do prelo A cociña de Larpeiros. 150 receitas de Benigno Campos (2009) -actualmente na décimo terceira edición-, Novas receitas da cociña de Larpeiros (2010), Volve a cociña de Larpeiros (2012) e Cociñando con Benigno Campos (2014), todos eles con vendas que se contan por miles e falan ás claras da súa popularidade.

Campos insírese así na vedraña tradición gastronómica galega, que ten dado ensaístas sobre o mundo dos fogóns tan notables como Manuel María Puga e Parga 'Picadillo', Emilia Pardo Bazán, Álvaro Cunqueiro ou Xosé María Castroviejo.

(Xeve, Pontevedra, 1951) es una de las escritoras más importantes de la historia de la literatura infantojuvenil gallega. Profesora, diplomada en Lengua y Literatura y miembro de la Real Academia Gallega, la suya es una trayectoria fértil como pocas y repleta de reconocimientos.

Autora de más de medio centenar de títulos, algunos de los libros que publicó a lo largo de estos últimos cinco lustros se han convertido en obras referenciales que se reeditan y extractan una y otra vez. Es el caso de *Dos lágrimas por máquina* (1992) -Premio Merlín-, *El misterio de los hijos de Lúa* (1995) -Premio El Barco de Vapor y Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil-, *El estanque de los patos pobres* (1996) -Premio Edebé de Literatura Infantil- o *El lago de las niñas mudas* (2007) -Premio Frey Martín Sarmiento-, entre muchas otras.

Traducida a más de una docena de idiomas, incluido el braille, ha llevado a cabo una destacada labor en el ámbito del fomento de la lectura y la renovación pedagógica de la Enseñanza, además de promover el teatro escolar y la investigación etnográfica en el medio educativo.

Estas facetas se complementan con la dedicación al mundo de la gastronomía, para el que ha escrito obras muy populares en todas las cocinas gallegas como *El libro de la empanada* (1993), *Fiestas gastronómicas de Galicia* (1994) o *Repostería en Galicia* (1997) -Premio Álvaro Cunqueiro de Periodismo Gastronómico.

En los últimos años el séptimo arte ha ganado su atención y fruto de este interés son los guiones de los cortometrajes *Garuda* (2010), *Dos letras* (2011) -distinguido en varios festivales- y *Querido Tomás* (2013), por el que obtuvo el premio a la mejor actriz en el Festival Independiente de Braga (Portugal) en 2014. En esta misma línea, ha escrito y dirigido el corto *La última moneda* (2016), historia de intenso lirismo y protagonismo infantil.

Nominada al Premio Astrid Lindgren e incluida en las prestigiosas listas White Ravens y Outstanding Books, recibió también la Medalla Castelao (2003) y el Premio de la Cultura Gallega (2015), distinciones que reflejan la excelencia del conjunto de su obra.

Fina
Casalderrey



(Xeve, Pontevedra, 1951) é unha das escritoras máis importantes da historia da literatura infantoxuvenil galega. Mestra, diplomada en Lingua e Literatura e membro da Real Academia Galega, a súa é unha traxectoria fértil coma poucas e chea de recoñecementos.

Autora de máis de medio cento de títulos, algúns dos libros que publicou ao longo destes últimos cinco lustros convertéronse en obras referenciais que se reeditan e extractan unha e outra vez. É o caso de *Dúas bágoas por máquina* (1992) -Premio Merlín-, *O misterio dos fillos de Lúa* (1995) -Premio O Barco de Vapor e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil-, *O estanque dos parrulos pobres* (1996) -Premio Edebé de Literatura Infantil- ou *A lagoa das nenas mudas* (2007) -Premio Frei Martín Sarmiento-, entre moitas outras.

Traducida a máis dunha ducia de idiomas, incluído o braille, ten desenvolvido tamén un destacado labor no eido do fomento da lectura e a renovación pedagóxica do Ensino, amais de promover o teatro escolar e a investigación etnográfica no ámbito educativo.

Estas facetas complementábase coa dedicación ao mundo da gastronomía, para o que asinou obras moi populares en todas as cociñas galegas como *O libro da empanada* (1993), *Festas gastronómicas de Galicia* (1994) ou *Repostería en Galicia* (1997) -Premio Álvaro Cunqueiro de Periodismo Gastronómico.

Nos últimos anos a séptima arte gañou a súa atención e froito desta querenza son os guións das curtametraxes *Garuda* (2010), *Dúas letras* (2011) —distinguida en varios festivais— e mais *Querido Tomás* (2013), pola que obtivo o premio á mellor actriz no Festival Independente de Braga (Portugal) no 2014. Na mesma liña, escribiu e dirixiu a curta *A última moeda* (2016), historia de intenso lirismo e protagonismo infantil.

Nominada ao Premio Astrid Lindgren e incluída nas prestixiosas listas White Ravens e Outstanding Books, recibiu tamén a Medalla Castelao (2003) e o Premio da Cultura Galega (2015), distincións que espellan a excelencia do conxunto da súa obra.

(Santiago de Compostela, 1977) se licenció en Filología Hispánica en la Universidad de A Coruña, ciudad en la que reside desde los años 90.

Con apenas diecisiete años ganó el Premio Fermín Bouza Brey de Poesía, lo que le permitió darse a conocer con la publicación de *Elevar los párpados* (1995). A partir de ese momento inició una carrera meteórica que la llevó a publicar alguno de los títulos más destacados de la lírica gallega de las últimas décadas, como *Vivimos en el ciclo de las erofanías* (1998) -Premio Johán Carballleira y Premio de la Crítica Española-, *Profundidad de campo* (2007) -Premio Espiral Maior- o *La segunda lengua* (2014) -Premio de Poesía Afundación.

Secretaria General de la Asociación de Escritores en Lengua Gallega (AELG) y directiva de la misma durante años, su intensa labor como conferenciante, recitadora y articulista la convierte en una inestimable embajadora de la literatura y la cultura de Galicia, que ha representado en diversos foros por todo el orbe, incluido Argentina y otros países de Hispanoamérica, como Venezuela, Perú, Colombia o Nicaragua.

Guionista y presentadora de televisión, comisaria de muestras de Arte y poesía, autora infantojuvenil, traductora y ensayista, sus obras se han publicado en una veintena de idiomas.

Desde hace más de un lustro dirige en A Coruña el ciclo *Poetas Di(n)versos*, foro mensual en el que creadores gallegos y de todo el mundo recitan sus textos. En la misma línea, coordina también un Taller Internacional de Traducción Poética que se celebra cada otoño en la emblemática isla de San Simón, próxima a Vigo, evento en el que han participado autores de las más variadas procedencias y continentes.

En los últimos años ha trabajado intensamente en proyectos en los que la poesía (propia y no sólo) hibrida con otras artes, como la plástica, música, performance, danza, arquitectura, audiovisual o incluso la gastronomía. De esta fusión interartística nacieron interesantes publicaciones como el libro-cd *Edénica* (2000) o su colaboración como letrista de músicos como Guadi Galego o Rosa Cedrón.

Yolanda
Castaño



Foto J. Criss

(Santiago de Compostela, 1977) licenciouse en Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña, cidade na que reside dende os anos 90.

Tendo apenas dezasete anos gañou o Premio Fermín Bouza Brey de Poesía, o que lle permitiu darse a coñecer coa publicación de *Elevar as pálpebras* (1995). A partir dese momento iniciou unha carreira meteórica que a levou a publicar algún dos títulos máis destacados da lírica galega das últimas décadas, como *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998) -Premio Johán Carballeira e Premio da Crítica Española-, *Profundidade de campo* (2007) -Premio Espiral Maior- ou *A segunda lingua* (2014) -Premio de Poesía Afundación.

Secretaria Xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e directiva da mesma durante anos, o seu intenso labor como conferenciante, recitadora e articulista convértea nunha inestimable embaixadora da literatura e a cultura de Galicia, que ten representado en diversos foros por todo o orbe, incluído Arxentina e outros países de Hispanoamérica, como Venezuela, Perú, Colombia ou Nicaragua.

Guionista e presentadora de televisión, comisaria de mostras de Arte e poesía, autora infantoxuvenil, tradutora e ensaísta, a súa escrita tense vertido a unha vintena de idiomas.

Dende hai máis dun lustro dirixe na Coruña o ciclo *Poetas Di(n)versos*, foro mensual no que creadores galegos e de todo o mundo recitan os seus textos. Na mesma liña, coordina tamén un Obradoiro Internacional de Tradución Poética que se celebra cada outono na emblemática illa de San Simón, próxima a Vigo, evento no que teñen participado autores das máis variadas procedencias e continentes.

Nos últimos anos traballou intensamente en proxectos nos que a poesía (propia e non só) hibrida con outras artes, como a plástica, música, performance, danza, arquitectura, audiovisual ou mesmo a gastronomía. Desta fusión interartística teñen nacido interesantes publicacións como o libro-cd *Edénica* (2000) ou a súa colaboración como letrista de músicos como Guadi Galego ou Rosa Cedrón.

(Vigo, 1979) es abogada, aunque hace años que dedica todo su tiempo a la literatura, pues se estrenó como autora siendo muy joven con la publicación de la novela juvenil *Una estrella en el viento* (2000).

Desde entonces y hasta hoy, en el ámbito de la narrativa infantojuvenil ha publicado *El corazón de Júpiter* (2012) -Premio AELG-, *Recinto gris* (2014), *Inmundicia y Roñoso* (2015) y, sobre todo, *Escarlatina, la cocinera difunta* (2014), libro con el que ganó primero el Premio Merlín y después el Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, además del unánime reconocimiento de público y crítica y la inclusión del mismo en la lista de honor del IBBY. Recientemente ha aparecido *Esmeraldina, la pequeña difunta* (2016), en la misma línea de terror amable y divertido que el libro protagonizado por *Escarlatina*.

Bajo el acrónimo Pereledi, escribió diversas obras con el también narrador Pere Tobaruela en las que la intriga y la fantasía son ingredientes fundamentales: *Desaparición* (2011), *Muertos de Ningures* (2011), *Letras de hielo* (2012) y *Oro negro* (2012). Aún por publicarse está *Jules Verne y la vida secreta de las Femme Plante*, historia con la que obtuvo el prestigioso Premio Lazarillo en 2015.

En el terreno de la prosa para todas las edades publicó el libro de relatos *Un animal llamado niebla* (2015), narraciones en las que la dura vivencia de la guerra y sus lacerantes consecuencias crean sobrecogedoras atmósferas de angustia y soledad.

Complementariamente a este quehacer como narradora, Costas también es habitual en palestras y jornadas sobre literatura y ha recitado sus versos en los más variados lugares. Desde hace algo más de un año codirige *Criaturas*, una de las revistas sobre literatura infantojuvenil más importantes de Galicia.

Ledicia
Costas



(Vigo, 1979) é avogada, aínda que hai anos que dedica á literatura todo o seu tempo, pois estreouse como autora sendo moi nova coa publicación da novela xuvenil *Unha estrela no vento* (2000).

Desde entón e ata hoxe, no eido da narrativa infantoxuvenil ten publicado *O corazón de Xúpiter* (2012) -Premio AELG-, *Recinto gris* (2014), *Inmundicia e Roñoso* (2015) e, sobre todo, *Escarlatina, a cociñeira defunta* (2014), libro co que gañou primeiramente o Premio Merlín e logo o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, amais do unánime recoñecemento de público e crítica e a súa inclusión na lista de honra do IBBY. Recentemente apareceu *Esmeraldina, a pequena defunta* (2016), na mesma liña de terror amable e divertido que o libro protagonizado por *Escarlatina*.

Baixo o acrónimo *Pereledi*, asinou diversas obras co tamén narrador Pere Tobaruela nas que a intriga e a fantasía son ingredientes fundamentais: *Desaparición* (2011), *Mortos de Ningures* (2011), *Letras de xeo* (2012) e *Ouro negro* (2012). Aínda por saír está *Jules Verne e a vida secreta das Femmes Plante*, historia coa que obtivo o prestixioso Premio Lazarillo en 2015.

No eido da prosa para todas as idades publicou o libro de relatos *Un animal chamado néboa* (2015), narracións nas que a dura vivencia da guerra e as súas lacerantes consecuencias crean sobrecolledoras atmosferas de anguria e soidade.

Complementariamente a este seu quefacer como narradora, Costas tamén é habitual en palestras e xornadas sobre literatura e ten recitado os seus versos nos máis variados espazos. Dende hai algo máis dun ano codirixe *Criaturas*, unha das revistas sobre literatura infantoxuvenil máis importantes de Galicia.

(Buenos Aires, 1968) es físico teórico. Licenciado en el Instituto Balseiro y doctorado en la Universidad Nacional de La Plata -donde fue docente durante un tiempo-, llevó a cabo estancias postdoctorales en las universidades de Santiago de Compostela, Harvard y el Instituto Superior Técnico de Lisboa. Actualmente es profesor en el Departamento de Física de Partículas de la universidad compostelana y participa en diferentes proyectos que lo vinculan a los más prestigiosos centros de investigación de todo el mundo.

Publicó más de medio centenar de artículos científicos en las principales revistas científicas internacionales y ha impartido conferencias en una veintena de países que incluyen buena parte de Europa y América y también Asia.

Para Edelstein los duales gravitacionales de teorías de campos cuánticos, la física del plasma de quarks y gluones o la dualidad en la teoría de cuerdas no tienen misterio, mas uno de sus méritos es hacer accesible todo este profundo saber en diarios y revistas, en los que publica informados a la par que entretenidos artículos que divulgaron estos conocimientos en la Argentina, Brasil, Chile, España, Italia o Portugal.

Tan intensa labor ha sido reconocida con el Premio de Divulgación Científica del Centro Español de Física de Partículas, Astropartículas y Nuclear (2010, 2011, 2013 y 2015), el Premio de Comunicación Científica de la Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (2012) y diversas menciones de honor en el Concurso Internacional Ciencia en Acción (2013, 2014 y 2015).

En colaboración con el también físico Andrés Gomberoff publicó Antimateria, magia y poesía (2014), obra en la que, con rigor y amenidad, relata veintitrés historias sobre como surgieron algunas de las ideas científicas que cambiaron la Humanidad. Recibido con gran éxito de público y crítica, este ensayo mereció el pasado año en España el XVIII Premio Nacional de Edición Universitaria en la categoría de divulgación científica.

José
Edelstein




(Buenos Aires, 1968) é físico teórico. Licenciado no Instituto Balseiro e doutorado na Universidad Nacional de La Plata -onde foi docente durante un tempo-, levou a cabo estadias posdoutorais nas universidades de Santiago de Compostela, Harvard e o Instituto Superior Técnico de Lisboa. Actualmente é profesor no Departamento de Física de Partículas da universidade compostelá e participa en diferentes proxectos que o vencellan aos máis prestixiosos centros de investigación de todo o mundo.

Publicou máis de medio centenar de artigos científicos nas principais revistas científicas internacionais e impartiu conferencias nunha vintena de países que inclúen boa parte de Europa e América e tamén Asia.

Para Edelstein os dais gravitacionais de teorías de campos cuánticos, a física do plasma de quarks e gluóns ou a dualidade na teoría de cordas non teñen misterio, mais un dos seus méritos é facer accesible todo este fondo saber en diarios e revistas, nos que publica informados á par que entretidos artigos que teñen divulgado estes coñecementos na Arxentina, Brasil, Chile, España, Italia ou Portugal.

Tan intenso labor tenlle sido recoñecido co Premio de Divulgación Científica do Centro Español de Física de Partículas, Astropartículas e Nuclear (2010, 2011, 2013 e 2015), o Premio de Comunicación Científica da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (2012) e diversas mencións de honra no Concurso Internacional Ciencia en Acción (2013, 2014 e 2015).

En colaboración co tamén físico Andrés Gomberoff publicou Antimateria, magia y poesía (2014), obra na que, con rigor e amenidade, achega vinte e tres historias sobre como xurdiron algunhas das ideas científicas que cambiaron a Humanidade. Recibido con grande éxito de público e crítica, este ensaio foi merecente no pasado ano en España do XVIII Premio Nacional de Edición Universitaria na categoría de divulgación científica.



(Vigo, 1975), filólogo de formación, ha desarrollado durante años una intensa labor en el ámbito musical como productor, compositor y músico en grupos como Los Feliz o Lamatumbá. En este mismo terreno, publicó ¡Viva el Fu remol! (2005), crónica sobre el presente y las circunstancias del panorama musical gallego.

Narrador de lectorado fiel y entusiasta, su literatura de intriga y aventuras ha cautivado a sus seguidores por la capacidad para generar historias de acción trepidante y personajes con los que resulta fácil empatizar. Esa es la razón de que títulos como Los hijos del mar (2012) o La memoria de la lluvia (2013) -ambos Premio Arzobispo San Clemente y el primeiro también Premio Frey Martín Sarmiento- se encuentren entre los libros más vendidos del último lustro en Galicia e incluso fuesen traducidos a otros idiomas.

Su más reciente novela es Morena, peligrosa y románica (2015), tal como anuncia su subtítulo, una “comedia dantesca”, muy divertida y disparatada, en la que dos vecinos de una comunidad deciden aliarse para perpetrar un atraco que los aleje de su vida de carestías y limitaciones.

Además de su faceta novelística, Feijoo ha cultivado también la investigación literaria en obras como Cosas del «Galicia», por Castelao (1997), rotativo vigués de los años veinte del pasado siglo con el que el célebre escritor y político, más tarde emigrado a Buenos Aires, mantuvo una fructífera colaboración como dibujante y caricaturista.

Pedro
Feijoo





Foto Paula Gomes del Valle

(Vigo, 1975), filólogo de formación, desenvolveu durante anos un intenso labor no eido musical como produtor, compositor e músico en grupos como Los Feliz ou Lamatumbá. Neste mesmo terreo, publicou *Viva o Fu remol!* (2005), crónica sobre o presente e as circunstancias do panorama musical galego.

Narrador de lectorado fiel e entregue, a súa escrita de intriga e aventuras ten cativado os seus seguidores pola capacidade para xerar historias de acción trepidante e personaxes cos que resulta doado empatizar. Velaí a razón de que títulos como *Os fillos do mar* (2012) ou *A memoria da choiva* (2013) -ambos os dous Premio Arcebispo San Clemente e o primeiro tamén Premio Frei Martín Sarmiento- se atopen entre os libros máis vendidos do último lustro en Galicia e mesmo fosen traducidos a outras linguas.

A súa máis recente novela é *Morena, perigosa e románica* (2015), tal como anuncia o seu subtítulo, unha “comedia dantesca”, ben divertida e disparatada, na que dous veciños dunha comunidade deciden aliarse para perpetrar un atraco que os tire da súa vida de escasezas e limitacións.

Alén desta súa faceta novelística, Feijoo cultivou tamén a investigación literaria en obras como *Cousas do «Galicia»*, por Castelao (1997), monografía na que aborda a presenza de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao no xornal Galicia, rotativo vigués dos anos vinte do pasado século co que o célebre escritor e político, logo emigrado a Buenos Aires, mantivo unha frutífera colaboración como debuxante e caricaturista.

(Cospeito, Lugo, 1958) es uno de los poetas más importantes de la Galicia de las últimas décadas, responsable asimismo de su más relevante y longevo sello de poesía: Espiral Maior.

Miembro de la Asociación de Escritores en Lengua Gallega y el Centro PEN Galicia, lleva a cabo desde hace años una destacada labor como articulista y colaborador de medios y ha publicado libros de entrevistas con importantes personajes gallegos, como el escritor y profesor Ricardo Carballo Calero o el político, ensayista y también profesor Xosé Manuel Beiras.

Aunque se haya dedicado ocasionalmente a la traducción y la narrativa, destaca sobre todo su producción como poeta y dramaturgo. En el ámbito teatral son de su autoría títulos como La casa de los ahogados (1981) -estrenado por el Centro Dramático Gallego en 1991-, La tertulia de las máscaras (1981), La extraña señorita Lou (1982) y Auto insólito del autor (1985) -estos tres últimos Premio de la Escuela Dramática Gallega-, además de Cuarteto para una noche de verano (1989) -Premio Biblioteca del Arlequín.

Como poeta es autor de case una veintena de obras, entre las que sobresalen Savias de amor y tránsito (1984) -Premio de la Crítica Española-, Libro de los paisajes vivos (1985) -traducida al catalán-, Memorial de blancura (1985) -Premio Esquío-, Las certezas del clima (1996) -Premio Martín Codax, traducido al italiano-, Capital del cuerpo (2004) -Premio Miguel González Garcés-, Territorio de la desaparición (2004) -traducido al castellano, Premio de la Crítica Española- y Habitación del asombro (2013) -también trasladado al castellano, Premio Ciudad de Ourense-. A punto de salir está Duración de la penumbra, poemario con el que ganó el último Premio de Poesía Afundación.

Dueño de una singular imaginaria poética en la que señoera el símbolo y la dicción a veces épica, el langor melancólico de la patria evocada y el intimismo de los sentidos vulnerados dejan fulgurando en sus versos una quemadura blanca que oscila entre lo personal y lo colectivo.

Miguel Anxo
Fernán Vello




(Cospeito, Lugo, 1958) é un dos poetas máis importantes da Galicia das últimas décadas, responsable así mesmo do seu máis relevante e lonxevo selo de poesía: Espiral Maior.

Membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Centro PEN Galicia, desenvolve dende hai anos un destacado labor como articulista e colaborador dos medios e leva publicado libros de conversas con importantes persoeiros galegos, como o escritor e profesor Ricardo Carballo Calero ou o político, ensaísta e tamén profesor Xosé Manuel Beiras.

Aínda que se ten dedicado ocasionalmente á tradución e á narrativa, destaca sobre todo o seu labor como poeta e dramaturgo. No eido teatral son da súa autoría títulos como A casa dos afogados (1981) -estreado polo Centro Dramático Galego en 1991-, A tertulia das máscaras (1981), A estraña señorita Lou (1982) e Auto insólito do autor (1985) -todos tres Premio da Escola Dramática Galega- e mais Cuarteto para unha noite de verao (1989) -Premio Biblioteca do Arlequín.

Como poeta é autor de case unha vintena de obras, entre as que salientan Seivas de amor e tránsito (1984) -Premio da Crítica Española-, Livro das paisaxes vivas (1985) -traducida ao catalán-, Memorial de brancura (1985) -Premio Esquíu-, As certezas do clima (1996) -Premio Martín Codax, traducido ao italiano-, Capital do corpo (2004) -Premio Miguel González Garcés-, Territorio da desaparición (2004) -traducido ao castelán, Premio da Crítica Española- e Habitación do asombro (2013) -tamén vertido ao castelán, Premio Cidade de Ourense-. A piques de saír está Duración da penumbra, poemario co que gañou o último Premio de Poesía Afundación.

Dono dunha singular imaxinería poética na que señorea o símbolo e a dicción por veces épica, o langor melancólico da patria evocada e o intimismo dos sentidos vulnerados deixan escintillando nos seus versos unha queimadura branca que abala do persoal ao colectivo.



(Pontevedra, 1951), escritor, periodista y editor, es una de las personalidades más destacadas de la Galicia literaria de las últimas décadas. Profesor en la Facultad de Periodismo de la Universidad de Santiago de Compostela, actualmente es el director de la Editorial Galaxia, el sello decano de las editoriales gallegas, que posee una división internacional con proyección y distribución en la Argentina bajo el nombre de Mar Maior.


Miembro de la Real Academia Gallega, su labor como ensayista es fundamental en volúmenes como el libro de entrevistas Una docena de gallegos (1976) o la monografía Memoria de un huido (1980).

Como narrador, su obra arranca con un título ya clásico para la literatura gallega contemporánea, El triángulo inscrito en la circunferencia (1982) -Premio Blanco Amor y Premio de la Crítica Española-, y prosigue con El ajuar de la novia (1988) -Premio de la Crítica de Galicia-, La ciudad de los Césares (1993) -Premio Torrente Ballester- y Caballo de oros (2010) -Premio de la Crítica Española-, traducido al español en el 2012 y editado por Siruela.

La novelística de Freixanes amalgama una notoria capacidad para la recreación de atmósferas y situaciones con una acrisolada habilidad para la caracterización de personajes subyugantes, que nos introducen en mundos complejos en los que con frecuencia el elemento mítico y simbólico está muy presente. Literatura de quilates que, en ocasiones, tiende puentes con el mundo hispanoamericano y, particularmente, con el argentino.

Víctor F.
Freixanes






(Pontevedra, 1951), escritor, xornalista e editor, é unha das personalidades máis destacadas da Galicia literaria das últimas décadas. Profesor na Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela, actualmente é o director da Editorial Galaxia, o selo decano das editoriais galegas, que posúe unha división internacional con proxección e distribución na Arxentina baixo o nome de Mar Maior.

Membro da Real Academia Galega, o seu labor como ensaísta é fundamental en volumes como o libro de entrevistas *Unha ducia de galegos* (1976) ou a monografía *Memoria dun fuxido* (1980).

Como narrador, a súa obra arrinca cun título xa clásico para a literatura galega contemporánea, *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982) -Premio Blanco Amor e Premio da Crítica Española-, e prosegue con *O enxoval da noiva* (1988) -Premio da Crítica de Galicia-, *A cidade dos Césares* (1993) -Premio Torrente Ballester- e *Cabalo de ouro* (2010) -Premio da Crítica Española-, traducido ao español no 2012 como *Caballo de oros* e editado por Siruela.

A novelística de Freixanes amalgama unha notoria capacidade para a recreación de atmosferas e situacións cunha acrisolada habelencia para a caracterización de personaxes subxugantes, que nos introducen en mundos complexos nos que con frecuencia o elemento mítico e simbólico está moi presente. Literatura de quilates que, en ocasións, tende pontes co mundo hispanoamericano e, particularmente, co arxentino.



(Teruel, 1969) nació en tierras turolenses, pero siendo muy niña sus padres se trasladaron a Verín (Ourense). Periodista con amplia experiencia en prensa y radio, en los últimos años ha desplegado una intensa labor como narradora que la ha convertido en una de las voces más destacadas del relato fantástico en Galicia.

En este sentido, el éxito alcanzado por su tetralogía *Dragal* es una buena muestra de la capacidad para recrear mundos de aventura y fantasía en los que las viejas leyendas y ritos alrededor de la mítica figura del dragón cobran nueva vida para fascinar a lectores de cualquier edad.

Hasta ahora ha publicado *Dragal. I. La herencia del dragón* (2010) -Premio Frey Martín Sarmiento-, *Dragal. II. La metamorfosis del dragón* (2011), *Dragal. III. La fraternidad del dragón* (2012) y, recientemente, *Dragal. IV. La estirpe del dragón* (2015). Esta saga ha sido traducida al castellano, inglés y catalán y la productora Ficción Producciones está trabajando en un ambicioso proyecto crossmedia que la llevará al cine, al cómic y al videojuego.

Ya fuera de serie publicó *Siete calaveras* (2014), una novela negra en la estela de los grandes del género como la Agatha Christie de Diez negritos que está teniendo una muy buena acogida entre el público lector.

Vibrante, repleta de acción y aventuras, la novelística de Gallego Abad nos invita a perdernos en su fluir vertiginoso y olvidar cualquier cosa que no sea la pura pulsión de la lucha atávica del Bien contra el Mal y el goce de los mundos de ilusión y maravilla en los que nos sumerge.

Elena
Gallego Abad






(Teruel, 1969) naceu en terras turolenses, pero sendo moi noviña seus pais trasladáronse a Verín (Ourense). Xornalista con ampla experiencia en prensa e radio, nos últimos anos ten desenvolvido un intenso labor como narradora que a converteu nunha das voces máis destacadas do relato fantástico en Galicia.

Neste sentido, o éxito alcanzado pola súa tetraloxía *Dragal* é unha boa mostra da capacidade para recrear mundos de aventura e fantasía nos que as vellas lendas e ritos ao redor da mítica figura do dragón cobran nova vida para engaiolar lectores de toda idade.

Ata o de agora publicou *Dragal. I. A herdanza do dragón* (2010) -Premio Frei Martín Sarmiento-, *Dragal. II. A metamorfose do dragón* (2011), *Dragal. III. A fraternidade do dragón* (2012) e, recentemente, *Dragal. IV. A estirpe do dragón* (2015). Esta saga foi xa traducida ao castelán, inglés e catalán e a produtora Ficción Producciones está a traballar nun ambicioso proxecto crossmedia que a levará ao cinema, ao cómic e ao videoxogo.

Xa fóra de serie publicou *Sete caveiras* (2014), unha novela negra na estela dos grandes do xénero como a Agatha Christie de *Os dez negriños* que está a ter unha moi boa acollida entre o público lector.

Vibrante, inzada de acción e aventuras, a escrita de Gallego Abad convida a se perder na súa vertixe e esquecer nada que non sexa a pura pulsión da loita atávica do Ben contra o Mal e o gozar dos mundos de ilusión e marabilla nos que nos mergulla.



(Vigo, 1971) es actriz, autora, educadora y también directora teatral.

Formada en la Escuela de Teatro y Danza Espazo Aberto en Santiago de Compostela y asidua de los ciclos del Centro Dramático Gallego, se especializó después en Interpretación y Arte Dramático en la universidad de esta ciudad.

Directora y autora de textos para la compañía de teatro amateur FarandOleiras Cabaré, trabajó como actriz en otras compañías gallegas como Chévere, Berrobambám, Nut Teatro o Cachuzo Teatro.

Habitual de las series televisivas, sus papeles en ¡Escoba!, El Faro y Arenal, visitadora de cárceles, todas emitidas por la Televisión de Galicia, han hecho de ella un rostro popular para la audiencia. Además de incursiones en los ámbitos de la fotografía y el vídeo y de la participación en festivales y ciclos de teatro, ha llevado a cabo también una importante labor como escritora de textos teatrales extensos como Movidas (2010), Razones de peso (2010) -escrito originalmente para Pinguela Teatro-, Agorafobia: parálisis sobre el miedo (2011) -seleccionado en los IV Encuentros de Creación en Magalia- o Prohibido sufrir (2014) y piezas breves como Screenplay (2013).

Su última obra, Evasión, ganó el pasado 2015 el Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, promovido por el espacio de idéntico nombre de la Radio Gallega, y será publicada en breve en un libro-cd.

Clara
Gayo





(Vigo, 1971) é actriz, autora, educadora e tamén directora teatral.

Formada na Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto en Santiago de Compostela e asidua dos ciclos do Centro Dramático Galego, especializouse logo en Interpretación e Arte Dramático na universidade desta cidade.

Directora e autora de textos para a compañía de teatro amator FarandOleiras Cabaré, ten traballado como actriz noutras compañías galegas como Chévere, Berrobambám, Nut Teatro ou Cachuzo Teatro.

Habitual das series televisivas, os seus papeis en Escoba!, O Faro e Arenal, visitadora de cárceres, todas emitidas pola Televisión de Galicia, teñen feito dela un rostro popular para a audiencia.

Alén das incursións nos eidos da fotografía e o vídeo e da participación en festivais e ciclos de teatro, ten desenvolvido tamén unha importante labor como escritora de textos teatrais longos como Movidas (2010), Razóns de peso (2010) -escrito orixinalmente para Pinguela Teatro-, Agorafobia: parálise sobre o medo (2011) -seleccionado nos IV Encontros de Creación en Magalia- ou Prohibido sufrir (2014) e pezas breves como Screenplay (2013).

A súa última obra, Evasión, gañou no pasado 2015 o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, promovido polo espazo do idéntico nome da Radio Galega, e será publicada en breve nun libro-cd.

Buenos Aires, 1952) es el gran poeta argentino-gallego de nuestros días. Nacido en el barrio de Palermo Viejo, donde fueron a vivir sus padres emigrantes, se estableció en Galicia hacia 1969. Desde entonces, no ha dejado de trabajar por el hermanamiento de ambas culturas, de las que es un destacado embajador como miembro de la Academia Argentina de las Letras en representación de Galicia.

Filólogo y profesor, fue uno de los confundadores de la emblemática revista de expresión poética Dorna de la Universidad de Santiago de Compostela y también codirector de la referencial colección Dombate de la editorial Galaxia. Desde 1995 es, además, presidente del Centro PEN Galicia, responsabilidad desde la que lleva a cabo una importante labor para la literatura gallega y su proyección internacional.

Como poeta se dio a conocer al ganar el Premio Esquíu con Clavijera de agua (1986), libro que pronto se convirtió en uno de los títulos más sobresalientes de su tiempo, siendo galardonado también con el Premio Antón Losada Diéguez y gozando de unánime reconocimiento crítico. Tras él vinieron la separata Seis cánticos labrados con el recuerdo de seis ciudades moras (1986), el poemario Rescoldo de las travesías (1989) -Premio de la Crítica Española-, la antología Con la fuerza de la palabra (1992), las bilingües Madeira do meu canto/ Madera de mi canto (1998) e Invocació d'un temps. Poesía 1986-2000/ Invocación dun tempo. Poesía 1986-2000 (2001) y, finalmente, Áspera materia (2008) -Premio de la Crítica de Galicia.

Prosista en Estación marítima (1996), coautor de la versión gallega del Martín Fierro (2003), traductor al gallego de la novela El regreso del joven Príncipe (2013) del escritor argentino Alejandro Guillermo Roemmers y coordinador del libro colectivo Francisco Luís Bernárdez. Poeta de fe, leal a Galicia (2015), González Tosar es también un importante orador y colaborador en diversos medios de comunicación, quehacer que le ha sido reconocido con el Premio Julio Camba de Periodismo (1999), al que se une la concesión de la Medalla Castelao de la Xunta de Galicia en 2005.

Luís
González Tosar



(Buenos Aires, 1952) é o gran poeta arxentino-galego dos nosos días. Nacido no barrio de Palermo Viejo, onde foran vivir seus pais emigrantes, estableceuse en Galicia por volta de 1969. Dende aquela, non deixou de traballar a prol da irmandade de ambas as dúas culturas, das que é un senlleiro embaixador como membro da Academia Argentina de las Letras en representación de Galicia.

Filólogo e profesor, foi un dos cofundadores da emblemática revista de expresión poética Dorna da Universidade de Santiago de Compostela e tamén codirector da referencial colección Dombate da editorial Galaxia. Dende 1995 é, amais, presidente do Centro PEN Galicia, responsabilidade dende a que leva a cabo un destacado labor en favor da literatura galega e a súa proxección internacional.

Como poeta deuse a coñecer ao gañar o Premio Esquíu con *A caneiro cheo* (1986), libro que pronto se converteu nun dos títulos máis sobresalientes do seu tempo, sendo galardoado tamén co Premio Antón Losada Diéguez e gozando de unánime recoñecemento crítico. Tras del viñeron a separata *Seis cánticos labrados* co recordo de seis cidades mouras (1986), o poemario *Remol das travesías* (1989) -Premio da Crítica Española-, a antoloxía *Coa forza da palabra* (1992), as bilingües *Madeira do meu canto/ Madera de mi canto* (1998) e mais *Invocación d'un temps. Poesía 1986-2000/ Invocación dun tempo. Poesía 1986-2000* (2001) e, finalmente, *Estúrdiga materia* (2008) -Premio da Crítica de Galicia.

Prosista en *Estación marítima* (1996), coautor da versión galega do *Martín Fierro* (2003), tradutor ao galego da novela *A volta do xove Príncipe* (2013) do escritor arxentino Alejandro Guillermo Roemmers e coordinador do libro colectivo *Francisco Luis Bernárdez. Poeta de fe, leal a Galicia* (2015), González Tosar é tamén un importante orador e colaborador en diversos medios de comunicación, quefacer que lle foi recoñecido co Premio Julio Camba de Xornalismo (1999), ao que se une a concesión da Medalla Castelao da Xunta de Galicia en 2005.

(Monforte de Lemos, Lugo, 1961), periodista y performer, es un escritor poliédrico que ha cultivado tanto la poesía como la narrativa, igual el teatro que el ensayo e incluso la traducción.

Ferrovionario hace tiempo y actor de doblaje, fue durante más de veinte años el coordinador de la muy premiada Revista de las Letras, suplemento referencial dentro del ámbito literario gallego que publicaba el periódico, ya desaparecido, Galicia Hoxe.

Como poeta se dio a conocer con Sucios y deseados (1988), para publicar después Manual de masoquistas (1991), A la sombra de los jóvenes meando (1996), OM (1997), Pronombres (1998), Háblame (2004) y El libro de los amados (2005), obras en las que la problemática de la identidad y la presencia del homoerotismo constituyen ejes vertebradores de una poética en la que domina el cotidianismo elaborado y el equilibrio antirretórico.


Novelista reconocido, el Premio Café De cuatro a cuatro le abrió las puertas a la publicación de Las reliquias (1991), tras la que vinieron La sonrisa de Isobel Hill (2000), Ganga (2001) y Obediencia (2010), Premio Manuel García Barros.

Dramaturgo en Los hombres sólo cuentan hasta tres (2006) -Premio Álvaro Cunqueiro- y traductor de Oscar Wilde en La balada de la cárcel de Reading (2003), ha llevado a cabo una intensa labor como ensayista, sobre todo en el ámbito de la investigación literaria, como en la coordinación de Fermín Bouza Brey. Una fotobiografía (1992) o las propuestas noveladas Las tres muertes de Lorenzo Varela (2005), La distancia del lobo. Biografía de Uxío Novoneyra (2010) y La palabra exacta (2011), sobre el poeta Lois Pereiro.

Artista interdisciplinar, fundó junto a la escritora y periodista Ana Romaní el Laboratorio de Indagaciones Poéticas y forma parte del colectivo de intervención sociocultural Redes Escarlata.

En los últimos años ha intensificado su actividad como performer, hibridando lo versal y lo escénico en intervenciones de las que participan también lo fotográfico, lo videográfico, la instalación y la memoria, como Prestidigitador (2001), Accións (2003), Dentro (2005) o Lampíricos (2012).

Antón
Lopo



(Monforte de Lemos, Lugo, 1961), xornalista e performer, é un escritor poliédrico que ten cultivado tanto a poesía como a narrativa, igual o teatro que o ensaio e mesmo a tradución.

Ferrovionario hai tempo e actor de dobraxe, foi durante máis de vinte anos o coordinador da moi premiada Revista das Letras, suplemento referencial dentro do eido literario galego que publicaba o xornal, xa desaparecido, Galicia Hoxe.


Como poeta deuse a coñecer con Sucios e desexados (1988), para logo publicar Manual de masoquistas (1991), Á sombra dos rapaces mexando (1996), OM (1997), Pronomes (1998), Fálame (2004) e Libro dos amados (2005), obras nas que a problemática da identidade e a presenza do homoerotismo constitúen eixos vertebradores dunha poética nas que pula o cotián elaborado e o equilibrio antirretórico.

Novelista recoñecido, o Premio Café De catro a catro abriulle as portas á publicación de As reliquias (1991), tras da que viñeron O riso de Isobel Hill (2000), Ganga (2001) e Obediencia (2010), Premio Manuel García Barros.

Dramaturgo en Os homes só contan ata tres (2006) -Premio Álvaro Cunqueiro- e tradutor de Oscar Wilde en A balada do cárcere de Reading (2003), ten desenvolvido un intenso labor como ensaísta, sobre todo nos eidos da investigación literaria, como na coordinación de Fermín Bouza Brey. Unha fotobiografía (1992) ou as propostas noveladas As tres mortes de Lorenzo Varela (2005), A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra (2010) e A palabra exacta (2011), arredor do poeta Lois Pereiro.

Artista interdisciplinar, fundou coa escritora e xornalista Ana Romaní o Laboratorio de Indagacións Poéticas e forma parte do colectivo de intervención sociocultural Redes Escarlata.

Nos últimos anos intensificou a súa actividade como performer, hibridando o versal e o escénico en intervencións das que participan tamén o fotográfico, o videográfico, a instalación e a memoria, como Prestidixitador (2001), Accións (2003), Dentro (2005) ou Lampíricos (2012).



(Santiago de Compostela, 1978) es una de las artistas plásticas gallegas más destacadas del nuevo siglo. Licenciada en Bellas Artes por la Universidad de Sevilla y Máster en Pintura por la de Lisboa, su obra ha cobrado gran proyección internacional en estos años y piezas suyas han podido contemplarse en exposiciones de ciudades como Arlés (Francia), Milán (Italia), Zacatecas (Méjico), Bruselas (Bélgica) o Lisboa (Portugal).

La originalidad y perfección de sus creaciones ha sido reconocida con numerosos premios y becas, entre los que destacan el Certamen de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo de A Coruña, la beca Grundtvig de la Universidad de Lisboa, la beca Fundación Rojo Urbiola de Zacatecas, la beca Royal-Tallens de Barcelona o el Premio Iberoamericano de Pintura al Aire Libre de Huelva.

Artista multidisciplinar, interesada en abrir nuevas vías para la creación plástica, en los últimos tiempos ha elaborado también libros de autor -Postales desde el mercado (2014), De Kuala Lumpur a Beijing (2015)-; realizado talleres de elaboración de cartografías a través de cuadernos de viaje como Cambio de planos -Centro Gallego de Arte Contemporánea (2015)-; presentado un mapa emocional de la ciudad de Santiago de Compostela -Fundación Granel (2014)-; participado en convocatorias de Open Studio internacionales como la de Marsella (2011); realizado proyectos pictórico-poéticos -como el titulado ¡Qué barbaridad!, en colaboración con la escritora Lucía Aldao en Passau, Alemania (2007)-; participado en sesiones de Arte Efímera -Fundación Luís Seoane (2007)- y conferenciado y realizado workshops sobre estas y otras líneas de fuerza creativas.

María
Meijide





(Santiago de Compostela, 1978) é unha das artistas plásticas galegas máis destacadas do novo século. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Sevilla e Máster en Pintura pola de Lisboa, a súa obra ten cobrado gran proxección internacional nestes anos e pezas súas puideron contemplarse en exposicións de cidades como Arlés (Francia), Milán (Italia), Zacatecas (México), Bruxelas (Bélxica) ou Lisboa (Portugal).

A orixinalidade e perfección das súas creacións foi recoñecida con numerosos premios e bolsas, entre os que destacan o Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo da Coruña, a bolsa Grundtvig da Universidade de Lisboa, a bolsa Fundación Rojo Urbiola de Zacatecas, a bolsa Royal-Tallens de Barcelona ou o Premio Iberoamericano de Pintura ao Aire Libre de Huelva.

Artista multidisciplinar, interesada en abrir novas vías para a creación plástica, nos últimos tempos ten elaborado tamén libros de autor -Postais dende o mercado (2014), De Kuala Lumpur a Beijing (2015)-; realizado obradoiros de elaboración de cartografías a través de cadernos de viaxe como Cambio de planos -Centro Galego de Arte Contemporánea (2015)-; presentado un mapa emocional da cidade de Santiago de Compostela -Fundación Granell (2014)-; participado en convocatorias de Open Studio internacionais como a de Marsella (2011); realizado proxectos pictórico-poéticos -como o titulado Que barbaridade!, en colaboración coa escritora Lucía Aldao en Passau, Alemaña (2007)-; participado en sesións de Arte Efémera -Fundación Luís Seoane (2007)- e conferenciado e realizado workshops arredor destas e outras liñas de forza creativas.

(Baio-Zas, A Coruña, 1968) es físico. Catedrático de Electromagnetismo en el Departamento de Física Aplicada de la Universidad de Santiago de Compostela, compagina su labor académica con una intensa actividad divulgativa en los medios de comunicación.

Director del Programa ConCiencia de la USC (en el que han participado diversos premios Nobel) y de su colección de divulgación editorial, es también miembro del consejo editorial de la Revista Española de Física y fundador del primer nodo español de la red internacional Nerd Nite.

Como investigador ha publicado más de un centenar de artículos en las más importantes revistas científicas tanto españolas como internacionales, en ámbitos que van desde el Magnetismo y la Nanotecnología hasta la Modelización matemática de los Sistemas Sociales.

Esta intensa labor como investigador y divulgador se le ha reconocido con la concesión de diversos galardones tanto a nivel gallego (Premio de la Real Academia Gallega de Ciencias 2002; Premio de la Crítica de Galicia en la Modalidad de Investigación 2011) como del estado español (Premio Física en Acción y Ciencia en Acción de la Real Sociedad Española de Física en el 2000 y 2005; Premio del Colegio Oficial de Físicos de España 2010; Medalla de Honra Ciencia en Acción del Ministerio de Ciencia e Innovación de España y Ciencia Viva de Portugal 2010, Premio José María Savirón de Divulgación Científica 2011 o Premio de la Real Sociedad Española de Física en la Modalidad de Enseñanza y Divulgación 2012).

Conferenciante, comisario de exposiciones científicas, colaborador en tertulias televisivas y radiofónicas y columnista de prensa, es ampliamente reconocido por su dedicación a la popularización de la ciencia. En este sentido, alguna de sus obras ha gozado de gran difusión, como La ciencia en el punto de Mira (2010), reeditada varias veces en gallego y traducida al castellano, y la reciente ¿A qué altura está el cielo? (2016).

Jorge
Mira



(Baio-Zas, A Coruña, 1968) é físico. Catedrático de Electromagnetismo no Departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, compaxina o seu labor académico cunha intensa xeira divulgadora nos medios de comunicación.

Director do Programa ConCienCIA da USC (no que teñen participado diversos premios Nobel) e da súa colección de divulgación editorial, é tamén membro do consello editorial da Revista Española de Física e fundador do primeiro nodo español da rede internacional Nerd Nite.

Como investigador publicou máis dun cento de artigos nas máis importantes revistas científicas tanto españolas coma internacionais, en ámbitos que van dende o Magnetismo e a Nanotecnoloxía ata a Modelización matemática de Sistemas Sociais.

Este seu intenso labor como investigador e divulgador recoñecéuselle coa concesión de diversos galardóns tanto a nivel galego (Premio da Real Academia Galega de Ciencias 2002; Premio da Crítica de Galicia na Modalidade de Investigación 2011) coma do estado español (Premio Física en Acción e Ciencia en Acción da Real Sociedade Española de Física no 2000 e 2005; Premio do Colexio Oficial de Físicos de España 2010; Medalla de Honra Ciencia en Acción do Ministerio de Ciencia e Innovación de España e Ciencia Viva de Portugal 2010; Premio José María Savirón de Divulgación Científica 2011 ou Premio da Real Sociedade Española de Física na Modalidade de Ensinanza e Divulgación 2012).

Conferenciante, comisario de exposicións científicas, colaborador en faladoiros televisivos e radiofónicos e columnista de prensa, é amplamente recoñecido pola súa dedicación á popularización da ciencia. Neste sentido, algunha das súas obras ten gozado de gran difusión, como A ciencia no punto de Mira (2010), reeditada varias veces en galego e traducida ao castelán, e a recente ¿A que altura está o ceo? (2016).

(Monforte de Lemos, Lugo, 1969) es una de las escritoras más originales y versátiles de la Galicia presente. Profesora en la Facultad de Filología de la Universidad de Santiago de Compostela, su dedicación a la literatura comienza en la pasada década y abarca ámbitos complementarios y muy diversos.

Como narradora se dio a conocer con La jornada de las mujeres-árbol (2004) -Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Corta y Premio Arcebispo San Clemente traducido al español e italiano-, pero su confirmación en el panorama literario gallego vino de la mano de Hierba mora (2005), título con el que se alzó con el Premio Xerais que pronto fue publicado en portugués, catalán, italiano, rumano, castellano y neerlandés. Tras ella vinieron otras novelas, como Querida catástrofe (2007), Artes subversivas para cultivar jardines (2010), Una madre tan punk (2014) -las tres trasladadas al español- y, recientemente, Ostracia (2015).

Autora de amplio registro, Moure ha cultivado la literatura infantojuvenil en títulos como el imaginativo La casa de los Lucarios (2007), el comprometido Yo también soy fuente (2008) -con versiones en castellano y asturiano- y el emotivo Mamá, ¡tú sí que me entiendes! (2009). Poeta en Yo violé al lobo feroz (2013), dramaturga con Una primavera para Aldara (2008) -Premio Rafael Dieste y Premio María Casares- y Cínicas (2010), en su haber figura también una extensa nómina de ensayos sobre cuestiones sociolingüísticas, entre los que se cuentan Otro idioma es posible. A la búsqueda de un idioma para la humanidad (2005) -Premio Ramón Piñeiro-, La palabra de las hijas de Eva (2005) -traducido al español-, Lo natural es político (2008), Ecolingüística: entre la ciencia y la ética (2011), Queer-emos un mundo nuevo. Sobre cápsulas, géneros y falsas clasificaciones (2012) -también Premio Ramón Piñeiro- y Política-mente incorrecta (2014).

Camaleónica, incisiva y perturbadora, la obra de Moure apuesta por la Revolución, la superación de los clichés preestablecidos, la asunción de la ecoética, la ecolingüística, la equidad de género, el Eros político y el triunfo de la estética de lo libérrimo.

Teresa
Moure



(Monforte de Lemos, Lugo, 1969) é unha das escritoras máis orixinais e versátiles da Galicia presente. Profesora na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, a súa dedicación á literatura abrollou a principios da pasada década e abrangue ámbitos complementarios e ben diversos.

Como narradora deuse a coñecer con *A xeira das árbores* (2004) -Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta e Premio Arcebispo San Clemente traducido ao español e italiano-, mais a súa confirmación no panorama literario galego veu da man de *Herba moura* (2005), título co que se alzou co Premio Xerais que pronto foi publicado en portugués, catalán, italiano, romanés, castelán e neerlandés. Tras desta viñeron aínda outras novelas, como *Benquerida catástrofe* (2007) , *A intervención* (2010), *Uma mãe tão punk* (2014) -todas tres vertidas ao español- e, recentemente, *Ostrácia* (2015).

Autora de amplo rexistro, Moure cultivou a escrita infantoxuvenil en títulos como o imaxinativo *A casa dos Lucarios* (2007), o comprometido *Eu tamén son fonte* (2008) -con versións en castelán e asturiano- e o emotivo *Mamá, ti si que me entendes!* (2009).

Poeta en *Eu violei o lobo feroz* (2013), dramaturga con *Unha primavera para Aldara* (2008) -Premio Rafael Dieste e Premio María Casares- e mais *Cínicas* (2010), no seu haber figura tamén unha extensa nómina de ensaios sobre cuestións sociolingüísticas, entre os que se contan *Outro idioma é posible. Na procura dunha lingua para a humanidade* (2005) -Premio Ramón Piñeiro-, *A palabra das fillas de Eva* (2005) -traducido ao español-, *O natural é político* (2008), *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética* (2011), *Queer-emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións* (2012)-outra volta Premio Ramón Piñeiro- e *Politicamente incorreta* (2014).

Camaleónica, incisiva e perturbadora, a escrita de Moure aposta pola Revolución, a superación dos clixés preestablecidos, a asunción da ecoética, a ecolingüística, a equidade de xénero, o Eros político e o triunfo da estética do libérrimo.

(Santiago de Compostela, 1957), licenciado en Biología y Medicina, vive desde hace años en Bruselas, donde trabaja en un organismo que pertenece al gobierno de la Comunidad Europea. Miembro del Centro PEN Galicia y el PEN Club de Flandes, de la directiva de la Asociación de Escritores en Lengua Gallega y la Comisión de Exteriores del Consello da Cultura Galega, como narrador se estrenó con *Ártico y otros mares* (1990) -Premio de la Crítica Española-, tras el que vinieron nuevos títulos entre los que destacan *El paso del noroeste* (1996) -Premio García Barros-, *El ladrón de esperma* (2001) -Premio Café Dublín-, *Extramunde* (2011) -Premio Xerais y Arzobispo San Clemente- o, recientemente, *Los kowa*, con el que ganó el Premio Blanco Amor en 2015.

Poeta, ensayista y autor infantojuvenil, Queipo es también un importante traductor y gracias a sus oficios hoy pueden leerse en gallego obras de Amin Maalouf, Hervé Guibert, Joseph Conrad o James Joyce. Precisamente una cotraducción suya de este último, el *Ulises*, recibió el Premio Nacional de Traducción del Ministerio de Cultura de España en 2014.

Colaborador habitual en prensa y radio y miembro del *Dichterscollectif van Brussel*, los textos de Queipo se han antologado y vertido a diferentes idiomas y algunos de sus poemas han sido objeto de performances y recitaciones en diversos festivales y foros europeos.

La obra de Queipo se caracteriza por incorporar a sus tramas ambientes y escenarios universales, que localizan la acción en los más remotos lugares. Creador de mundos muy sugerentes donde los personajes viven aventuras apasionantes, es también diestro en la caracterización psicológica de estos y en la descripción de entornos y sucesos que hacen de la suya una prosa dúctil y porosa que se deja leer con sumo agrado.

Xavier
Queipo



(Santiago de Compostela, 1957), licenciado en Bioloxía e Medicina, vive dende hai anos en Bruxelas, onde traballa nun organismo pertencente ao goberno da Comunidade Europea.

Membro do Centro PEN Galicia e o PEN Club de Flandres, da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Comisión de Exteriores do Consello da Cultura Galega, estreouse como narrador con *Ártico e outros mares* (1990) -Premio da Crítica Española-, tras do que viñeron novos títulos entre os que destacan *O paso do noroeste* (1996) -Premio García Barros-, *O ladrón de esperma* (2001) -Premio Café Dublín-, *Extramunde* (2011) -Premio Xerais e Arcebispo San Clemente- ou, recentemente, *Os kowa*, co que gañou o Premio Blanco Amor en 2015.

Poeta, ensaísta e autor infantoxuvenil, Queipo é tamén un importante tradutor e mercé aos seus oficios hoxe poden lerse en galego obras de Amin Maalouf, Hervé Guibert, Joseph Conrad ou James Joyce. Precisamente unha cotradución súa deste último, o *Ulises*, foi distinguida co Premio Nacional de Tradución do Ministerio de Cultura de España no 2014.

Colaborador habitual en prensa e mais radio e membro do Dichterscollectif van Brussel, os textos de Queipo antologáronse e vertéronse a diferentes idiomas e algúns dos seus poemas foron obxecto de performances e recitacións en diversos festivais e foros europeos.

A escrita de Queipo caracterízase por incorporar ás súas tramas ambientes e escenarios universais, que localizan a acción nos máis remotos lugares. Creador de mundos ben suxestivos onde os personaxes viven aventuras apaixonantes, é tamén destro na caracterización psicolóxica destes e na descrición de contornas e sucesos que fan da súa unha prosa dúctil e porosa que se deixa ler con sumo agrado.

(A Coruña, 1957) es uno de los escritores gallegos con mayor proyección internacional. Miembro de la Real Academia Gallega, ha sido traducido a múltiples idiomas, ha recibido numerosos premios por su trayectoria tanto periodística como literaria y algunas de sus obras más conocidas han sido llevadas al cine.

Narrador, poeta y ensayista, ocasionalmente también dramaturgo, su labor en los medios de comunicación gallegos y del resto del estado español es intensa y abarca tanto la dirección de cabeceras (así la revista Luzes) como el columnismo en periódicos de referencia como El País o La Voz de Galicia.

Como narrador destacan sus libros de relatos Un millón de vacas (1989) -Premio de la Crítica Española-, En salvaje compañía (1993) -Premio de la Crítica de Galicia-, ¿Qué me quieres, amor? (1995) -Premio Torrente Ballester y Premio Nacional de Narrativa-, El lápiz del carpintero (1998) -Premio de la Crítica Española- y Los libros arden mal (2006) -Premio de la Crítica Española y Premio de la Crítica de Galicia-. Recientemente ha publicado El último día de Terranova (2015), novela que está cosechando una excelente acogida.

Sus inicios como escritor vinieron de la mano de la poesía, ámbito en el que firmó textos sobresalientes como Balada en las playas del Oeste (1985), Mohicanía (1986), Ningún cisne (1989) -Premio Leliadoura-, Costa da Morte blues (1995), El pueblo de la noche (1996) o La desaparición de la nieve (2009), este último editado simultáneamente en todas las lenguas cooficiales del estado español (gallego, castellano, catalán y eusquera). Gran parte de esta producción se recoge en el volumen De lo conocido a lo desconocido. Obra poética (1980-2003) (2003). El último poemario aparecido es La boca de la tierra (2015), un éxito de crítica y lectorado.

La obra de Rivas se caracteriza por su vibración emotiva, su hondo lirismo y una capacidad asombrosa para la recreación de la realidad en poderosas imágenes que metaforizan nuestro mundo y hacen de su obra una de las más apreciadas en Galicia e más allá de sus fronteras.

Manuel
Rivas



Foto Xose Abad 2012


(A Coruña, 1957) é un dos escritores galegos con maior proxección internacional. Membro da Real Academia Galega, ten sido traducido a múltiples idiomas, recibiu numerosos premios pola súa traxectoria tanto xornalística como literaria e algunhas das súas obras máis coñecidas foron levadas ao cinema.

Narrador, poeta e ensaísta, ocasionalmente tamén dramaturgo, o seu labor nos medios de comunicación galegos e do resto do estado español é intenso e abrangue tanto a dirección de cabeceiras (así a revista Luzes) coma o columnismo en xornais de referencia como El País ou La Voz de Galicia.

Como narrador destacan os seus libros de relatos *Un millón de vacas* (1989) -Premio da Crítica Española-, *En salvaxe compañía* (1993) -Premio da Crítica de Galicia-, *Que me queres, amor?* (1995) -Premio Torrente Ballester e Premio Nacional de Narrativa-, *O lapis do carpinteiro* (1998) -Premio da Crítica Española- e *Os libros arden mal* (2006) -Premio da Crítica Española e Premio da Crítica de Galicia-. Recentemente publicou *O último día de Terranova* (2015), novela que está a recibir unha excelente acollida.

Os seus inicios como escritor viñeron da man da poesía, eido no que asinou textos de relevo como *Balada nas praias do Oeste* (1985), *Mohicania* (1986), *Ningún cisne* (1989) -Premio Leliadoura-, *Costa da Morte blues* (1995), *O pobo da noite* (1996) ou *A desaparición da neve* (2009), este último editado simultaneamente en todas as linguas cooficiais do estado español (galego, castelán, catalán e éuscaro). Gran parte desta produción recóllese no volume *Do coñecido ao descoñecido. Obra poética (1980-2003)* (2003). O último poemario aparecido é *A boca da terra* (2015), un éxito de crítica e lectorado.

A escrita de Rivas caracterízase pola súa vibración emotiva, o seu fondo lirismo e unha capacidade abraiante para a recreación da realidade en poderosas imaxes que metaforizan o noso mundo e fan da súa obra unha das máis apreciadas en Galicia e máis alá das súas fronteiras.



(O Irixo, Ourense, 1951) se formó como arquitecto técnico cursando también Sociología y Ciencias Políticas, aunque su periplo vital ha estado unido, desde muy temprano, a la literatura. Fundador y responsable de diversas agrupaciones culturales históricas (Lóstrego, Avantar, Alexandre Bóveda), dirigió durante años la división editorial del semanario A Nosa Terra, del que también fue presidente. Actualmente, y desde el 2005, es el presidente de la Asociación de Escritores en Lengua Gallega.

Poeta de dilatada trayectoria, cuenta ya en su haber con cerca de una veintena de títulos, entre los que se encuentran algunos de los más aplaudidos en Galicia en las últimas décadas: Anteayer de las salamandras (1980), El cántico de la fuente (1982), El árbol de las siete palabras (1990), El rostro de la tierra. La escritura de la luz (1996) -traducido al catalán-, El rumor distante (2001) -Premio Esquíu- o Cuaderno del Nilo (2013) -Premio Antón Losada Diéguez.

Conferenciante y ensayista, su obra ha sido antologada en multitud de ocasiones tanto en España como fuera de ella, siendo traducido a diferentes idiomas como uno de los autores más representativos de su generación.

La poesía de Sánchez Iglesias pulsa muy diversos registros, que van desde el simbolismo de nuevo cuño hasta la lírica de evocación intimista, pasando por las recreaciones del viajero por lejanos territorios. La memoria, la identidad y la patria son algunos de los pilares principales que sostienen toda su obra, una de las más complejas y elaboradas de este tiempo.

Cesáreo
Sánchez Iglesias





(O Irixo, Ourense, 1951) formouse como arquitecto técnico cursando tamén Socioloxía e Ciencias Políticas, aínda que a súa andaina vital estivo unida, dende ben pronto, á literatura. Fundador e responsable de diversas agrupacións culturais históricas (Lóstrego, Avantar, Alexandre Bóveda), dirixiu durante anos a división editorial do semanario A Nosa Terra, do que tamén foi presidente. Actualmente, e dende o 2005, é o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Poeta de dilatada traxectoria, conta xa no seu haber con preto dunha vintena de títulos, entre os que se atopan algúns dos máis aplaudidos en Galicia nas últimas décadas: Antonte das salmántigas (1980), O cántico da fonte (1982), A árbore das sete palabras (1990), O rostro da terra. A escrita da luz (1996) -traducido ao catalán-, O rumor distante (2001) -Premio Esquíu- ou Caderno do Nilo (2013) -Premio Antón Losada Diéguez.

Conferenciante e ensaísta, a súa obra ten sido escolmada en multitude de ocasións tanto en España coma fóra dela, sendo traducido a diferentes idiomas como un dos autores máis representativos da súa xeración.

A poesía de Sánchez Iglesias pulsa moi diversos rexistros, que van dende o simbolismo de novo cuño ata a lírica de evocación intimista, pasando polas recreacións do viaxeiro por territorios lonxincuos. A memoria, a identidade e a matria son algúns dos principais esteos nos que asenta a súa obra, unha das máis complexas e elaboradas deste tempo.

(Santiago de Compostela, 1970) se formó como profesora, bióloga y periodista, pero es a esta última faceta a la que dedica su vida profesional, siendo hoy la presentadora de un importante magazine informativo y cultural en la Televisión de Galicia. En este canal televisivo y en la Radio Gallega ha desarrollado una intensa labor como presentadora en variedad de programas de todos los géneros.

Su compromiso con la defensa de la Ecología y el Medio Ambiente hizo que iniciase su carrera autorial con volúmenes bien de ensayo divulgativo sobre estas cuestiones -Ecología en el Aula (1997) y El libro de nuestro mar (1999)- bien de ficción pedagógica sobre las mismas -Buena suerte (2008) y El tiempo del revés (2008).

El camino de la ficción infantojuvenil continuó para Solar con la aparición de El hijo del Pintamonas (2009), al que siguieron Voy a tener un hermano (2011) -Premio Frey Martín Sarmiento-, Las brujas de la reina Lupa (2012) y La verdadera historia de la mosca de la tele (2012) -también Premio Frey Martín Sarmiento.

En fechas recientes ha publicado Mi pesadilla favorita (2015) y Tengo unos pies perfectos (2015). Por el primero, que ha sido traducido a varios idiomas, recibió el Premio Lazarillo de Creación Literaria y fue seleccionado para formar parte de la prestigiosa lista internacional White Ravens. Del segundo existe también traducción al español y está recibiendo inmejorables críticas y una acogida excelente por parte del público.

Este mismo año publicará su primera novela para adultos, Las horas robadas, que se lanzará conjuntamente en gallego y español.

La narrativa de Solar desborda imaginación, que se alía con una fabulosa capacidad para el humor y una demostrada sensibilidad para el tratamiento de los más diversos temas. Poseedora de una prosa muy depurada, sus obras fascinan al lectorado, introduciéndolo en mundos cautivadores repletos de sorpresas y aventuras.

María
Solar



(Santiago de Compostela, 1970) formouse como mestra, bióloga e xornalista, mais é a esta última faceta á que ten dedicado a súa vida profesional, sendo hoxe a presentadora dun importante magazine informativo e cultural na Televisión de Galicia. Nesta canle televisiva e na Radio Galega desenvolveu un intenso labor como presentadora en variedade de programas de todos os xéneros.


A súa querenza pola defensa da Ecoloxía e o Medio fixo que iniciase a súa andaina autorial con volumes ben de ensaio divulgativo sobre estas cuestións -Ecoloxía na Aula (1997) e O libro do noso mar (1999)- ben de ficción pedagóxica sobre as mesmas -Boa sorte (2008) e O tempo do revés (2008).

O camiño da ficción infantoxuvenil continuou para Solar coa aparición de O fillo do Pintamonas (2009), ao que seguiron Vou ter un irmán (2011) -Premio Frei Martín Sarmiento-, As meigas de Lupa (2012) e A verdadeira historia da mosca da tele (2012) -tamén Premio Frei Martín Sarmiento.

En datas recentes publicou O meu pesadelo favorito (2015) e mais Teño uns pés perfectos (2015). Polo primeiro, que foi traducido a diferentes idiomas, recibiu o Premio Lazarillo de Creación Literaria e foi seleccionado para formar parte da prestixiosa lista internacional White Ravens. O segundo ten tamén xa tradución ao castelán e está a recibir inmillorables críticas e excelente acollida do público.

Este mesmo ano publicará a súa primeira novela para adultos, As horas roubadas, que se lanzará conxuntamente en galego e español.

A narrativa de Solar desborda imaxinación, que mestura cunha fabulosa capacidade para o humor e unha demostrada sensibilidade para o tratamento dos máis diversos temas. Posuidora dunha prosa ben depurada, as súas obras fascinan o lectorado, introducíndoo en mundos cativadores cheos de sorpresas e aventuras.



(Santiago de Compostela, 1953) es un escritor, profesor e investigador gallego, nieto del genial Ramón María del Valle-Inclán.

Como narrador se estrenó con la publicación de Historias de la ciudad del desierto (1988), un libro experimental, de estética neovanguardista, que en su día sorprendió por la capacidad para evocar y recrear mundos bajo una arquitectura textual innovadora y en extremo sugerente.

Tras aquella primera obra vino La playa de lastres (1995), en coautoría con Manuel Pérez Mahía, y aún los relatos “Las clases de magia” y “Los caminos del más acá”, ambos de 2002.

Por otra parte, Xaquín del Valle-Inclán es toda una autoridad en los estudios alrededor de la vida y obra de quien fuera su abuelo, a quien editó en diversas ocasiones y sobre el que escribió una referencial biografía bajo el título de Ramón del Valle-Inclán. Genial, antiguo y moderno (2015), donde no sólo recorre con detalle los principales episodios vitales del autor, sino que también documenta sus pasos para devolvernos su vera effigies libre de los aditamentos anecdóticos con los que tantas veces se adornó.

Colaborador habitual de la revista Cuadrante sobre estudios valleinclanescos y presidente de la Asociación Amigos de Valle-Inclán, es, hoy por hoy, uno de los más reconocidos investigadores sobre la biobibliografía del escritor, del que heredó la pasión por la literatura.

Xaquín
del Valle-Inclán





(Santiago de Compostela, 1953) é un escritor, profesor e investigador galego, neto do xenial Ramón María del Valle-Inclán.

Como narrador estreouse coa publicación de *Historias da cidade do deserto* (1988), un libro experimental, de estética neovangardista, que no seu día sorprendeu pola capacidade para evocar e recrear mundos baixo unha arquitectura textual anovadora e en extremo suxestiva.

Tras daquela primeira obra veu *A praia de lastros* (1995), volume coasinado con Manuel Pérez Mahía, e aínda os relatos “As clases de maxia” e “Os camiños do máis acá”, ambos do 2002.

De por parte, Xaquín del Valle-Inclán é toda unha autoridade nos estudos arredor da vida e obra de quen fora seu avó, a quen editou en diversas ocasións e sobre o que escribiu unha referencial biografía baixo o título de *Ramón del Valle-Inclán. Genial, antiguo y moderno* (2015), onde non só percorre con detalle os principais socalcos vitais do autor, senón que tamén documenta os seus pasos para devolvernlos a súa vera effigies libre dos aditamentos anecdóticos que tantas veces se lle apuxeron.

Colaborador habitual da revista *Cuadrante* sobre estudos valleinclanescos e presidente da Asociación Amigos de Valle-Inclán, é, hoxe por hoxe, un dos máis recoñecidos investigadores sobre a biobibliografía do escritor, do que herdou a paixón pola literatura.

(Vigo, 1971) estudió Historia en la Universidad de Santiago de Compostela, pero después se dedicó a la elaboración de guiones para cine y televisión. Actualmente reside en Madrid, donde ejerció durante años como comentarista gastronómico y literario en programas de radio y hoy es colaborador habitual en diversos medios.

Creador del singular inspector Leo Caldas, Villar es hoy uno de los más importantes escritores de novela negra en España, destacando la proyección internacional de su obra, que el mismo ha traducido al español y otros han trasladado también al inglés, francés, alemán, italiano, ruso, checo, noruego, hebreo, polaco, holandés, búlgaro o sueco.

La primera entrega de las aventuras de Leo Caldas, inspector de policía en una comisaría de Vigo, se tituló Ojos de agua (2006) y la siguiente La playa de los ahogados (2009). Con ambas obtuvo numerosos galardones y reconocimientos, tanto en sus ediciones originales en gallego como a través de las diferentes traducciones; entre otros: el Premio Antón Losada Diéguez, Premio de la Federación de Libreros de Galicia, Premio Frey Martín Sarmiento, el Premio Sintagma o el Brigada 21, siendo finalista de los Crime Thriller Awards y el Dagger International en el Reino Unido, el Le Point du Polar Européen en Francia y el Premio de la Academia Sueca de Novela Negra.

La playa de los ahogados se llevó al cine en 2015 bajo la dirección del realizador español Gerardo Herrero, siendo responsables del guión el propio Villar y Felipe Vega.

En estos momentos ultima la tercera entrega de la trilogía protagonizada por el inspector Caldas, que se titulará Cruces de piedra en homenaje a Castelao, el intelectual galleguista exiliado en Buenos Aires en los años cuarenta del pasado siglo.

La narrativa de Villar atrapa por su habilidad para la recreación de tramas históricas y la complementariedad enriquecedora de sus personajes, en una prosa que no descuida los detalles en la recreación de las atmósferas y el humor en los diálogos y situaciones.

Domingo
Villar



(Vigo, 1971) estudou Historia na Universidade de Santiago de Compostela, pero logo dedicouse á elaboración de guións para cinema e televisión. Actualmente reside en Madrid, onde exerceu durante anos como comentarista gastronómico e literario en programas de radio e hoxe é colaborador habitual en diversos medios.

Creador do singular inspector Leo Caldas, Villar é hoxe un dos máis importantes escritores de novela negra en España, destacando a proxección internacional da súa obra, que el mesmo traduciu ao castelán e outros trasladaron tamén ao inglés, francés, alemán, italiano, ruso, checo, noruegués, hebreo, polaco, holandés, búlgaro ou sueco.

A primeira entrega das aventuras de Leo Caldas, inspector de policía nunha comisaría de Vigo, titulouse *Ollos de auga* (2006) e a seguinte *A praia dos afogados* (2009). Con ambas as dúas obtivo numerosos galardóns e recoñecementos, tanto nas súas edicións orixinais en galego como a través das diferentes traducións; entre outros: o Premio Antón Losada Diéguez, Premio da Federación de Libreiros de Galicia, Premio Frei Martín Sarmiento, o Premio Sintagma ou o Brigada 21, sendo finalista dos Crime Thriller Awards e o Dagger International no Reino Unido, o Le Point du Polar Européen en Francia e mais o Premio da Academia Sueca de Novela Negra. *A praia dos afogados* foi levada ao cine no 2015 baixo a dirección do realizador español Gerardo Herrero, sendo responsables do guión o propio Villar e Felipe Vega.

Nestes momentos ultima a terceira entrega da triloxía protagonizada polo inspector Caldas, que se ha titular *Cruces de pedra* en homenaxe a Castelao, o intelectual galeguista exiliado en Buenos Aires nos anos corenta do pasado século.

A narrativa de Villar atrapa pola súa habelencia para a recreación de tramas mistéricas e a complementariedade enriquecedora dos seus personaxes, nunha escrita que non desatende os detalles na recreación das atmosferas e o humor nos diálogos e situacións.

(Xermade, Lugo, 1951) es uno de los historiadores e intelectuales más relevantes de la Galicia de los últimos lustros. Catedrático de Historia Contemporánea en la Universidad de Santiago de Compostela -de la que fue rector- y miembro de la Real Academia Gallega, actualmente es el presidente del Consello da Cultura Galega.

Autor, en gallego y español, de una muy amplia obra en los ámbitos de la historia agraria, cultural y política, sus ensayos son toda una referencia en sus áreas de análisis y son reiteradamente citados y empleados como bibliografía indispensable para todo tipo de estudios académicos y de divulgación.

La propiedad de la tierra en Galicia: 1500-1936 (1982), Foros, frailes e hidalgos. Estudios de historia social de Galicia (1991), El indiano gallego: mito y realidad de sus remesas de dinero (1984), Galicia. La Historia (1984), Figuras de la nación (1997), Historia de Galicia (2004), Clío en las ondas: De libros, personas y sazones (2007) son algunos de los títulos de este ensayista, que ha sido ya traducido a varias lenguas.

Gracias a la denodada dedicación de Villares conocemos mejor hoy la formación de la Gallaecia, la Galicia altomedieval y la de la Era Compostelana, la crisis bajomedieval y la Galicia del Antiguo Régimen, la decadencia del XIX y la alborada modernizadora del primer tercio del XX, pero también la Galicia actual desde los años de la Guerra Civil hasta los de la Autonomía, pues son muchas las páginas esclarecedoras que ha dedicado a Lucus Augusti como ciudad bien amurallada, los orígenes britonienses de Mondoñedo, la Compostela de Xelmírez, la Pontevedra de mercaderes y mareantes, Ferrol como ciudad arsenal, la Coruña liberal y republicana, Vigo como urbe novísima rica y anglófona, el Ourense de la Generación Nós o la Buenos Aires más gallega y universal.

Ramón
Villares




(Xermade, Lugo, 1951) é un dos historiadores e intelectuais máis relevantes da Galicia dos últimos lustros. Catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela —da que foi reitor— e membro da Real Academia Galega, actualmente é o presidente do Consello da Cultura Galega.

Autor, en galego e español, dunha moi ampla obra nos eidos da historia agraria, cultural e política, os seus ensaios son toda unha referencia nos seus ámbitos de análise e son abundantemente citados e empregados como bibliografía indispensable para todo tipo de estudos académicos e de divulgación.

La propiedad de la tierra en Galicia: 1500-1936 (1982), Foros, frades e fidalgos. Estudos de historia social de Galicia (1991), El indiano gallego: mito y realidad de sus remesas de dinero (1984), Galicia. A Historia (1984), Figuras da nación (1997), Historia de Galicia (2004), Clío nas ondas: De libros, persoas e sazóns (2007) son algúns dos títulos deste ensayista, que ten visto como varios deles foron traducidos a diversas linguas.

Mercé ao intenso pescudar de Villares hoxe coñecemos mellor a formación da Gallaecia, a Galicia altomedieval e a da Era Compostelá, a crise baixomedieval e a Galicia do Antigo Réxime, a decadencia do XIX e a alborada modernizadora do primeiro terzo do XX, pero tamén a Galicia actual dende os anos da Guerra Civil ata os da Autonomía, pois son moitas as páxinas esclarecedoras que dedicou a Lucus Augusti como cidade ben murada, as orixes britonienses de Mondoñedo, a Compostela de Xelmírez, a Pontevedra de mercadores e mareantes, o Ferrol cidade arsenal, a Coruña liberal e republicana, o Vigo novísimo rico e anglófono, o Ourense da Xeración Nós ou a Buenos Aires máis galega e universal.

A thick orange line starts at the top left, slopes down to the right, then turns and slopes up to the right, ending at the top right.

En Santiago de Compostela,
8 de febrero de 2016, 190 aniversario de la proclamación de
Bernardino Rivadavia como primer presidente de la nación argentina

En Santiago de Compostela,
8 de febreiro do 2016, 190 aniversario da proclamación de
Bernardino Rivadavia como primeiro presidente da nación arxentina

Edición **Edición**
Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Documentación y texto **Documentación e texto**
Armando Requeixo

Traducciones **Traducións**
Armando Requeixo

Proyecto y dirección **Proxecto e dirección**
X. Luis Camba Abal · Dunas Vivas

Diseño gráfico **Deseño gráfico**
JA Carrera · Mow Design



galicia



XUNTA
DE GALICIA